

CENTRO:  
IES POETA AÑÓN

# **GEOGRAFÍA E HISTORIA**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
ANO ACADÉMICO: 2019/20

Xefatura de Departamento

---

## Contido

<b>1. CONTEXTO.....</b>	<b>4</b>
1.1. Introducción .....	4
1.2. Composición do departamento didáctico .....	4
1.3. Datos xerais do alumnado .....	5
1.4. Obxectivos da etapa. Obxectivos curriculares .....	5
1.5. Competencias claves do currículo .....	7
a) Competencia en comunicación lingüística.( CCL).....	7
b) Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT).....	8
c) Tratamento da información e competencia dixital.(CD).....	8
d) Competencia social e cívica .(CSC) .....	8
e) Conciencia y expresión culturais. (CCEC) .....	9
f) Competencia para aprender a aprender.(CAA).....	10
g) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE).....	11
1.6. Obxectivos das ciencias sociais .....	12
<b>2. PRIMEIRO CURSO DA ESO. ....</b>	<b>16</b>
2.1. Obxectivos e contidos. ....	16
a) Bloque 1. O medio físico.....	16
b) Bloque 2. A Terra e os medios naturais.....	17
c) Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e Idade Antiga.....	17
2.2. Criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e temporalización .....	18
2.3. Criterios e procedementos de avaliación en relación aos estándares.....	22
2.4. Grao mínimo de consecución dos estándares. Mínimos esixibles.....	26
2.5. Criterios de avaliación .....	32
2.6. Instrumentos de avaliación. Procedementos e criterios de cualificación e promoción. ....	32
- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	34
2.7. Criterios de cualificación. ....	38
2.8. Proba extraordinaria de setembro .....	41
2.9. Temporalización .....	41
2.10. Os contidos transversais e o seu tratamento na área das ciencias sociais . ....	41
2.11. Actividades complementarias .....	44
2.12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da PDA.....	45
<b>3. SEGUNDO CURSO DA E.S.O. ....</b>	<b>47</b>

3.1. Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe . Competencias e temporalización.....	47
3.2. Obxectivos.....	47
3.3. Avaliación dos estándares e procedementos e instrumentos de avaliación .....	57
3.4. Grao mínimo de consecución dos estándares. Mínimos esixibles.....	62
3.5. Contidos e indicadores de logro por unidade didáctica.....	66
a) Bloque 1. Contidos comúns.....	66
b) Bloque 2: contidos específicos por unidade didáctica.....	67
3.6. Instrumentos de avaliación. Procedementos e criterios de cualificación.....	72
- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	73
3.7. Criterios de cualificación .....	77
a) Rubricas .....	80
3.8. Temporalización .....	80
3.9. Materiais curriculares e recursos.....	81
3.10. Proba extraordinaria de setembro.....	82
3.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da pda .....	82
b) RÚBRICA DE AUTOREVISIÓN .....	83
3.12. Medidas de atención a diversidade.....	84
<b>4. TERCEIRO CURSO DA ESO.....</b>	<b>87</b>
4.1. Introducción e contextualización.....	87
4.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	87
4.3. Obxectivos mínimos.....	92
4.4. Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e temporalización.....	94
4.5. Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación en relación aos estándares .....	102
4.6. Grao mínimo de consecución dos estándares. Mínimos esixibles.....	104
4.7. Instrumentos de avaliación .....	111
- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	111
4.8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción.....	115
4.9. Contidos e indicadores de logro por unidade didáctica.....	119
4.10. Temporalización .....	129
4.11. Concrecións metodolóxicas.....	129
4.12. Materiais e recursos didácticos .....	130
4.13. Proba extraordinaria de setembro.....	130
4.14. Medidas de atención á diversidade.....	130
4.15. Contidos transversais .....	131

4.16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da pda .....	132
<b>5. CUARTO CURSO DE ESO .....</b>	<b>133</b>
5.1. Introducción e contextualización .....	133
5.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	133
5.3. Obxectivos .....	139
5.4. Estándares de aprendizaxe.....	139
5.5. Grao mínimo de consecución dos estándares. Mínimos esixibles.....	142
5.6. Contidos, temporización e concreción de estándares de aprendizaxe por unidade didáctica.....	152
a) Unidade 1: a crise do antigo réxime.....	152
b) Unidade 2: revolucións liberais e nacionalismos .....	154
c) Unidade 3. A revolución industrial e os cambios sociais.....	156
d) Unidade 4. España no século XIX .....	159
e) Unidade 5. Imperialismo, guerra e revolución .....	161
f) Unidade 6. O mundo de entreguerras .....	164
g) Unidade 7: a segunda guerra mundial .....	166
h) Unidade 8: España: da crise do 98 á guerra civil.....	168
i) Unidade 9: a guerra fría.....	170
j) Unidade 10: a descolonización e o terceiro mundo.....	172
k) Unidade 11: o mundo desde 1945 ata a actualidade.....	174
l) Unidade 12: España, da ditadura á democracia.....	177
5.7. Concrecións metodolóxicas.....	179
5.8. Materiais e recursos didácticos .....	180
5.9. Instrumentos de avaliación. Procedementos criterios de avaliación, cualificación e promoción ..	180
- Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.....	181
5.10. Criterios de promoción.....	188
5.11. Proba extraordinaria de setembro .....	188
5.12. Indicadores de avaliación do proceso de ensino.....	189
5.13. Medidas de atención á diversidade.....	189
5.14. Elementos transversais.....	190
5.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da pda .....	191
<b>6. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES .....</b>	<b>196</b>
<b>7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....</b>	<b>197</b>
<b>8. MATERIAS OPTATIVAS .....</b>	<b>198</b>

# 1. CONTEXTO

## 1.1. Introducción

Esta Programación elaborouse a partir dos plantexamentos seguintes:

1. Tendo como referencia o marco lexislativo que rexe e orienta o sistema educativo español/galego.
2. Adecuación ao **contexto do Centro**, os alumnos proceden de diferentes ámbitos sociais e culturais. Aplicación dos criterios elaborados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica para el **Proxecto curricular do Centro**.
3. Plantexamento de Área no como un fin en sí mesma, sino **integrada en un proxecto global** común a todo o Centro. En consecuencia os profesores do Departamento non centrarán unicamente o seu traballo, nin valorarán tan solo o progreso nos contidos específicos das materias del Área, sino que colaborarán a la consecución dos obxectivos das restantes, co vistas a la formación integral dos alumnos.

Ao longo do curso, facérense distintas modificacións e adaptacións de carácter xeral nos contidos en distintos niveis. Todas estas reordenacións teñen como obxectivo poder completar co tranquilidade y rigor os curriculum, sen merma dos contidos que se estudan na etapa.

Ademais queda aberta a posibles modificacións de acordo coas circunstancias do curso. O Departamento levará a cabo adaptacións curriculares cando os acontecementos de actualidade o demanden, o por necesidades especiais de algún grupo de alumnos. Faranse constar no libro de actas.

O IES Poeta Añón de A Serra de Outes é un Instituto de Ensino Secundario no que se imparten en horario diúrno ensinanzas de ESO (de 1º a 4º curso), en horario nocturno impártense ensinanzas de Educación Permanente de Adultos (módulos III e IV).

## 1.2. Composición do departamento didáctico

O Departamento Didáctico de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia ten durante o curso académico 2019-2020, unha carga horaria de 35 horas incluíndo nelas dous horas de dedicación ao departamento da xefa do mesmo.

O Departamento Didáctico de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia está integrado durante este curso académico polas seguintes profesoras:

**-Dona Ana Isabel Díaz Gómez** :Licenciada en Xeografía e Historia, profesora numeraria con destino definitivo no centro. Impartirá docencia das seguintes materias: Ciencias Sociais de 1º (6 horas). Ciencias Sociais de 2º (6 horas). Cultura clásica de 3º (2 horas).e ESA (Educación de adultos)(4 horas).

**-Dona Fredesvinta Limón Nevado**: Licenciada en Xeografía e Historia, profesora numeraria con destino definitivo no centro. Impartirá este curso as seguintes materias: Ciencias Sociais de 3º (6 horas). Historia de 4º (6 horas). Economía de 4º (3 horas) , e ocupará o cargo de Xefatura de Departamento (2 horas).

A **hora de Reunión do Departamento** durante o curso 2019-20 é pola tarde os luns.

### 1.3. Datos xerais do alumnado

Durante o presente curso 2019-20, temos 7 unidades, hai 115 alumnos e alumnas matriculados na ESO. De 1º de ESO hai 27 alumnos e alumnas distribuídos en dous grupos (1ªA: 14, 1ºB: 13); 37 alumnos e alumnas de 2º de ESO distribuídos en dous grupos (2ªA: 18, 2ºB: 19); 27 alumnos e alumnas en 3º de ESO distribuídos en dous grupos (3ªA: 14, 3ºB: 13) e 24 alumnos e alumnas de 4º de ESO distribuídos en dous grupos.

En horario vespertino impártense Ensinanzas de Réxime Especial :EPA, sumando aproximadamente uns 10 alumnos/as, xa que aínda está a matrícula aberta para Módulo 3 e Módulo 4 de EPA no momento de redactar esta Programación.

### 1.4. Obxectivos da etapa. Obxectivos curriculares

A Lomce introduciu un novo concepto de currículo e non hai obxectivos para áreas nin cursos concretos pero si para a etapa educativa, dende o departamento de Ciencias sociais entendese que todos estes obxetivos son importantes e logros a conseguir na nosa materia:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou

- circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
  - e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novo coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación
  - f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
  - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
  - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
  - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
  - l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e doutras outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
  - m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a practica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
  - n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
  - ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
  - o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de

riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 1.5. Competencias claves do currículo

«Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas».

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

#### a) *Competencia en comunicación lingüística.( CCL)*

**Os descritores básicos** que traballaremos serán:

- Ler e comprender textos xeográficos , históricos e artísticos.
- Utilizar o vocabulario propio da materia tanto de forma pasiva como activa nas diversas formas de comunicación: oral e escrita.
- Ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.
- Explicar de forma ordenada, razoada e detallada causas e consecuencias dun tema ou aspectos relacionados coa materia.
- Realizar esquemas, resúmenes e mapas conceptuais dos contidos propios da materia.
- Lectura de imaxes: Interpretar e explicar oralmente e/ou por escrito o significado de fotos, gráficos, mapas...
- Definir con claridade e precisión conceptos propios da materia.
- Argumentar razoadamente opinións sobre feitos xeográficos e/ou históricos.
- Comprender e explicar textos xornalísticos.



- Utilización de linguaxe non sexista fomentando a construción de relacións en termos de igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas.
- Utilizar a comunicación e o diálogo como eixe da resolución pacífica de conflitos.

**b) *Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)***

- Cálculo de distancias e superficies a partir de escalas gráficas e/ou numéricas
- Cálculo de porcentaxes (tantos por cento, tantos por mil).
- Realización e interpretación de táboas estatísticas e gráficos.
- Realizar e interpretar gráficas sinxelas.

**c) *Tratamento da información e competencia dixital.(CD)***

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Procura, selección, rexistro e tratamento ou análise de información utilizando técnicas e estratexias diversas segundo a fonte e o soporte empregados (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).
- Dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora).
- Seleccionar, tratar e utilizar a información de forma autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva.
- Actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible.

**d) *Competencia social e cívica .(CSC)***

- Coñecer as características e valores dunha sociedade democrática.
- Exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía.
- -Saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia e saber resolvelos con actitude construtiva tomando decisión con autonomía.
- Creación progresiva dun sistema de valores propio respectando os principios e valores universais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia.
- Saber expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar das outras persoas e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio e tomar decisión nos distintos niveis da vida comunitaria valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.

- Valorar as diferenzas e o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.
- Practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos tanto no ámbito persoal coma no social.
- Amosar un sentimento de cidadanía global compatible coa identidade local.
- Coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.
- Exercer unha cidadanía activa e integradora que esixe o coñecemento e a comprensión dos valores en que se asentan os estados e as sociedades democráticas, dos seus fundamentos, modos de organización e funcionamento.
- Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con particular atención aos dereitos e deberes recoñecidos nas declaracións internacionais, na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia así como na súa aplicación por parte de diversas institucións.
- Amosar un comportamento coherente cos valores democráticos, o que implica dispoñer de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións e o control e a autorregulación deles.
- Dispoñer de habilidades para participar activa e plenamente na vida cívica.
- Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos e defender os dereitos dos demais e os propios.
- Comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas

*e) Conciencia y expresión culturais. (CCEC)*

- Coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.
- Apreciar o feito cultural en xeral e o feito artístico en particular.
- Expresarse e comunicarse a través de fontes, formas e canles de expresión e códigos artísticos.
- Percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Colaborar na elaboración de traballos artísticos colectivos

- Coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural ao longo do tempo.
- Coñecer e identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas de cada época e a sociedade na que se producen –mentalidade e posibilidades técnicas da época- ou coa persoa ou colectividade que as crea.
- Coñecer a evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa que os factores estéticos desempeñaron e desempeñan na vida cotiá das persoas e das sociedades.
- Apreciar a creatividade na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas ou as diferentes formas das chamadas artes populares.
- Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.
- Cultivar a propia capacidade estética e creadora a nivel individual e colectivo.
- Interese por participar na vida cultural, artística e deportiva.
- Contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico tanto da propia comunidade como doutras.

*f) Competencia para aprender a aprender.(CAA)*

- Dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.
- Adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas, así como do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas e recursos. -Ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.
- Coñecer as propias potencialidades e carencias, sacando proveito das primeiras e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe
- Coñecer as capacidades que entran en xogo na aprendizaxe: a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coas axudas de distintas estratexias e técnicas: de estudo, de observación e rexistro sistemático de feitos e de relacións, de traballo cooperativo e por proxectos, de resolución de problemas, de planificación e de organización de actividades e tempos de forma efectiva ou do coñecemento sobre os diferentes recursos

e fontes para a recolla, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.

- Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación ou problema, formularse preguntas, utilizar diversas estratexias e metodoloxías que permitan afrontar a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.
- Saber obter información –individualmente ou en colaboración- e transformala en coñecemento propio, relacionando e integrando a nova información cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal e sabendo aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.
- Proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista.
- Ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, ter responsabilidade de compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e coas demais persoas.
- Ter conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenvolve

*g) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE).*

- Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.
- Capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais –no marco de proxectos individuais ou colectivos –responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social e no laboral.
- Poder transformar as ideas en accións, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo proxectos, reelaborando as formulacións previas ou elaborando novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica cando é preciso.
- Analizar posibilidades e limitacións, coñecer as fases do desenvolvemento dun proxecto, planificar, tomar decisións, actuar, avaliar o feito e autoavaliarse, extraer conclusións e valorar as posibilidades de mellora.

- Ter visión estratéxica dos retos e oportunidades que axude a identificar e cumprir obxectivos e a manter a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas, cunha ambición persoal, académica e profesional.
- Ser capaz de poñer en relación a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñible coas capacidades, desexos e proxectos persoais.
- Ter unha actitude positiva cara ao cambio e a innovación que presupón flexibilidade de formulacións, comprender os cambios como novas oportunidades e adaptarse crítica e construtivamente a eles

## 1.6. Obxectivos das ciencias sociais

As ciencias sociais, xeografía e historia, nesta etapa, terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resultado do de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.

- Valorar a diversidade cultural -puntos de vista, formas de vida, códigos morais- manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade sociocultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
- Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participan do activamente na súa conservación e mellora.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional e comparalo co coñecemento social.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Resolver problemas e levar cabo estudos e investigación escolares aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz. Denunciar, en consecuencia, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas.

Asumir a necesidade de orde nación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollen do, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

O área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, acercándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima hasta poder comprender o mundo dunha maneira máis global.

O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns implica, por unha parte, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar co entorno e o medio velando por a súa conservación al ser estes bens comúns e compartilos

A mobilización de todos os recursos que conforman o área contribuirá a adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral do alumnado ao longo da súa etapa. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e co carácter funcional.

**Nun primeiro lugar, no bloque 1,** establécense os contidos comúns do área, facendo referencia as distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio por parte do alumnado. Polo tanto, este bloque constitúe o eixo fundamental para abordar os elementos curriculares dos outros bloques cun enfoque transversal. Supón, ademais, a iniciación no coñecemento científico, no como saber disciplinar senón como un conxunto de procesos, destrezas e actitudes que contribúe a explorar e comprender a realidade

**No bloque 2, Ou mundo non que vivimos,** realizase o estudo da xeografía, tanto da contorna próxima, achegando ou alumnado a realidade que coñece, como de contextos máis afastados para fomentar unha visión máis completa. No desenvolvemento deste bloque utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, con especial atención aos territorios galego e español. O bloque inclúe contidos que abarcan dende universo, a representación da terra e a orientación no espazo, auga e consumo responsable, ou clima e cambio climático, ou paisaxe e os seus principais elementos (relevo, clima, hidrografía) e a intervención humana no medio e os seus consecuencias ambientais.

A través dos contidos **do bloque 3, Vivir en sociedade** será posible iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando os seus diferenzas e as persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns a capacidade emprendedora dos membros da sociedade e

función dinamizadora dá actividade empresarial na sociedade, a organización social, política e territorial galega e española e ou coñecemento do territorio, institucións e poboacións europeas.

**Non bloque 4, As pegadas do tempo**, traballarase a comprensión dous conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas de tempo, mapas mentais, árbores xenealóxicas, biografías etc. Investigarase sobre as grandes etapas históricas da humanidade para adquirir unha idea da idade da historia, asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, sendo preciso coñecer as condicións históricas, eventos e persoas relevante en diferentes períodos do tempo. É importante para o alumnado adquirir as referencias históricas que lles permitan elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través dunhas coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso.

No fundamental no área de Ciencias sociais é o aproveitamento dos recursos propios da entorna, non soamente físicos, sino tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que acerca posibilidades de aprendizaxe.

A planificación e o desenrolo destas propostas levan asociada a utilización de diversos instrumentos de avaliación: portafolio, diarios, rúbricas, debates, mapas mentais, probas específicas etc. que evidencian os distintos grados de execución dos aprendizaxes. Destaca o papel activo do alumnado no proceso de avaliación, pois o uso do portafolio permítelle potenciar a autonomía e desenrolar o pensamento crítico e reflexivo.

Para a construción e a consolidación dúas aprendizaxes partírase, en todo momento, dous coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dous contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara a outros máis complexos.



## 2. PRIMEIRO CURSO DA ESO.

### 2.1. Obxectivos e contidos.

- Analiza e identifica as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Describir o medio físico europeo.
- Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental.
- Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- Coñecer os principais espazos naturais de Europa.
- Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.
- Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.
- Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.
- Comprender e explicar o proceso de hominización.
- Analizar os principais acontecementos da historia da humanidade, situándoos nos distintos períodos históricos.
- Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.
- Coñecer os primeiros ritos relixiosos.
- Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico.
- Describir a organización socioeconómica das civilizacións, despois do neolítico.
- Comprender a diacronía e sincronía de diferentes culturas.
- Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.
- Comprender e explicar os principais trazos das culturas grega e romana.

#### *a) Bloque 1. O medio físico.*

- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.

- Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándovos cos factores que os orixinaron.
- Coñecemento dous elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particular mente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.
- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

### *b) Bloque 2. A Terra e os medios naturais.*

- A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares, unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.
- Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades territoriais en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos( aldeas ), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- Riscos. Estudo dalgún problema ambiental como, por exemplo, a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e dis - posición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

### *c) Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e Idade Antiga.*

- Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.
- As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.
- As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia. A cultura castrexa
- O mundo clásico: Grecia e Roma. As sociedades escravistas. A democracia ateniense. As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias na Hispania. A cidade e a forma de vida urbana. Achegas da cultura e da arte clásicas. Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia

- 
- Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxeas e esóxeas.

## 2.2. Criterios de avaliación , estándares de aprendizaxe e temporalización

U. Didact.	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias	Temp.
U- 1 A terra e a súa representación	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas .	B1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	CAA,CMCCT,C D	Avaliación: 1ª.Sesions 7. aprox
		B1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas		
	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	B1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	CAA,CMCCT,C D	
	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e seus usos principais	B1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas	CAA,CMCCT,C D	
	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	B1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue vos hemisferios da Terra e as súas principais características.	CAA,CMCCT,C D	
		B1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.		
U- 2 O relevo terrestre	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	B1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	CAA,CMCCT.C D	Avaliación :1ª.Sesions 6. aprox
U- 3 As augas	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	B1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	CAA,CMCCT,C D,CCL	1ª avali.4 sesions

		XHB1.6.2. Elabora cimogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes		
	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	B1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	CAA,CMCCT,C D,CCL,CAA	
	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	B1.8.1. Localiza nun mapa as unidades e vos elementos principais do relevo europeo.	CAA,CMCCT,C D	
U- 4.A atmosfera: tempo e o clima	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	B1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	CAA,CMCCT,C D,CCL	1ª avali.6 sesions
		B1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.		
U- 5 As paisaxes da terra.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	B1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	CAA,CMCCT,C D	2ª aval.4 sesions
U- 6/7.O Medio físico e o Medio natural	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA,CMCCT,C D,CCL	2ª aval.9 sesions
U- 8 A prehistoria	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC,CCEC	2ª aval.9 sesions
	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC,CAA	
		XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.		
		XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.		
	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC,CMCCT	

	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC,CMCCT	
	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC,CCL	
	B3.6. Entender o proceso de hominización.	B3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CSC,CMCCT	
	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	B3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	CSC,CMCCT	
	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	B3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC,CMCCT,C AA	
		B3.8.2. Realiza comentario de textos escritos e artísticos de forma sinxela.		
	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC,CCL,CAA	
		XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.		
	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	B3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	CSC,CCEC	
B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	B2.2.1. Explica as características da poboación europea.	CAA CCL CSC CD	70%
	B2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	70%
B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	B2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	CAA CMCCT CSC CD CCL	80%
	B2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	CAA CMCCT CSC CD CCL	80%
B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	B2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	CAA CMCCT CSC CD CCL	100%
B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	B2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	CAA CMCCT CSC CD CCL	70%
	B2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	70%
B2.6. Comprender o proceso de	B2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA CMCCT CSC CD	70%

urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.		CCL	
	B2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CAA CMCCT CSC CD CCL	80%
B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	B2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA CMCCT CSC CD CCL	70%
B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	B2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	CAA CMCCT CSC CD CCL	90%
	B2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir de datos.	CAA CMCCT CCL CD	80%
B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	B2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	CAA CMCCT CSC CD CCL	80%
B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	B2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	80%
<b>BLOQUE 3 A HISTORIA</b>			
B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC	90%
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA	90%
	B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA	90%
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT	100%
	B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes	CSC CMCCT	100%

interpretación.	cronolóxicos e mapas históricos.		
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo.	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT	90%
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL	70%
B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	CSC CAA	80%
B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	B3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	CSC CAA	90%
B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	B3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC	100%
B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	B3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	CSC CCEC	100%
	B3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	CSC CCEC CMCCT CCL	90%
B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	B3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	CSC CAA	100%
	B3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CSC CCEC CCL	100%
B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	B3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC	80%
B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	B3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	CSC CCEC CCL	70%

### 3.5. Contidos e indicadores de logro por unidade didáctica.

#### a) Bloque 1. Contidos comúns.

- Localización no tempo e no espazo de períodos e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.

- Recoñecemento de causas e consecuencias nos feitos e procesos históricos distinguindo a súa natureza. Identificación da multiplicidade causal nos feitos sociais. Valoración do papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia.
- Busca, obtención e selección de información do contorno, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información. Elaboración escrita da información obtida. Transformación de información estatística en gráficos.
- Recoñecemento de elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.

**b) Bloque 2: contidos específicos por unidade didáctica.**

**Tema 1: O inicio da Idade Media.**

- A fragmentación do imperio romano.
- Os reinos xermano.
- O imperio visigodo
- Imperio bizantino.
- A sociedade e a cultura bizantina.
- A orixe do islam
- A expansión do islam
- A sociedade e a cultura islámicas.

**INDICADORES DE LOGRO**

- Interpretación e comparación de liñas do tempo.
- Comparación dun mapa histórico cun actual.
- Manexo da internet para obter información.
- Obtención de información histórica de fontes iconográficas.
- Elaboración dun cadro comparativo.
- Interpretar e analizar os mosaicos de San Vital de Rávena.
- Comentar e criticar de forma oral, textos biográficos.

**Tema 2: A Europa feudal.**

- Do reino dos francos ao imperio carolinxio
- Unha época de inseguridade.
- As invasións dos viquingos, maxiars e sarracenos.
- A debilidade dos reis.
- O feudalismo.
- A sociedade estamental. A nobreza
- Os campesiños

- O poder da Igrexa.

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Análise de mapas histórico.
- Acercamento ao comentario de textos históricos.
- Exposición dun tema a partir de información sacada de internet.
- Realización de esquemas para representar o sistema feudal.
- Análise e descrición de imaxes relacionadas co feudalismo.
- Obtención de información a través de internet.
- Análise de textos e películas históricas

**TEMA 3: O DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA.**

- Unha época de prosperidade.
- O auxe das cidades.
- Os artesáns e os gremios.
- A renovación da cultura.
- A consolidación das monarquías.
- A crise do século XIV

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Interpretar mas de rutas comerciais,identificando as principais cidades e feiras.
- Analizar unha cidade medieval, por exemplo Bruxas (identificando os principais edificios (foro/concello..), busqueda de informacion en Internet.
- Analizar a cidade de Noia (e a sua relación cos oficios medievais). Busqueda de fotos e eles facen debuxos.
- Canalhistoria: La peste negra. Busqueda de información . Exposición na clase.

**TEMA 4: A CULTURA E A ARTE NA IDADE MEDIA.**

- A arte medieval, unha arte internacional e relixiosa.
- A arquitectura románica.
- A escultura románica.
- A pintura románica.
- A arquitectura gótica.
- A escultura gótica.
- A pintura gótica

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Obtención de información de esculturas.

- Análise de debuxos e fotografías de obras de arte para obter información.
- Comparar e identificar imaxes de diferentes estilos.
- Analizar pinturas góticas/románica
- Interpretación da planta dun edificio.

#### **TEMA 5. Al-Ándalus.**

- Da conquista de Al-Ándalus ao califato.
- Da fragmentación do califato ao reino nazarí.
- A vida en al-Ándalus.
- A cultura e a arte andalusís.

#### **INDICADORES DE LOGRO**

- Obtención de información dun documento histórico.
- Interpretación dunha liña do tempo coas etapas da historia de al-ándalus.
- Interpretación de mapas históricos dos territorios musulmans e cristiáns
- Identificación do legado andalusí e facer un mural público
- Análise do plano dunha vivenda.
- Investigación das pegadas de topónimos musulmáns.
- Descrición e análise dunha obra de arte. Alhambra/Mezquita.

#### **TEMA 6 OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS**

- O nacemento dos reinos cristiáns hispanicos.
- Do reino de León á Coroa de Castela.
- A evolución dos núcleos pirenaicos.
- Reconquista e repoboación.
- A Coroa de Castela.
- A Coroa de Aragón.
- O final da Idade Media nos reinos hispánicos.
- O legado prerrománico e románico.
- O legado gótico e mudéjar.
- Galicia na Idade Media.

#### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Facer un mural público do Camiño de Santiago cos principais edificios do Románico.
- Debuxar mapas cos reinos cristiáns identificando a Marca hispánica.
- Interpretar miniaturas medievales e identificar atributos dos reis leoneses.
- Buscar imaxes dos principais castelos da época (Loarre).

- Facer un comentario de texto dunha CARTA DE POBOAMENTO.
- Buscar información Internet sobre as ORDES MILITARES.
- Escribir un conto breve: protagonista: un mudéxar/ lugar: Toledo, a Escola de Tradutores.

### **TEMA 7. O ESTUDO FÍSICO DE ESPAÑA E DE GALICIA**

- A Meseta.
- Os bordos da meseta.
- As unidades exteriores á meseta.
- O relevo insular.
- As costas.
- Os ríos.A vertente cantábrica.
- As vertentes mediterránea e atlántica.
- Medios naturais oceánico e mediterráneo
- Medios naturais subtropical e de montaña.
- A sustentabilidade ambiental en España.
- O relevo e a costa de Galicia.
- Os ríos, os climas e as paisaxes de Galicia.

#### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Utilizar Google Maps ou Earth
- Facer rutas turísticas por distintas comunidades de España.
- Localizar nos mapas formas de relevo estudadas.
- Interpretar mapas e debuxos de sistemas montañosos.
- Identificar a variación de caudal dun río.
- Facer murales con esquemas de cada un dos medios naturais de España
- Identificar e buscar imaxes de diferentes paisaxes.
- Buscar en Internet espazos protexidos de Galicia e expoñerlos.
- informe sobre un espacio natural Elaborar un protexido (elixen eles).

### **TEMA 8. A POBOACIÓN DO MUNDO.**

- A dinámica da poboación. A natalidade.
- A mortalidade e a esperanza de vida.
- Os movementos migratorios.
- A evolución demográfica dos países desenvolvidos.
- A evolución demográfica dos países en desenvolvemento.
- A distribución da poboación mundial.

**INDICADORES DE LOGRO :**

- Interpretación de pirámides de poboación.
- Cálculo de taxas demográficas.
- Obtención de estatísticas de organismos oficiais a través de páxinas web.
- Interpretación de mapas de distintos tipos: de coropletas, de superficies e de fluxos.
- Elaboración de gráficos lineais e de barras.
- Análise de táboas e cadros estatísticos. Elaboración e interpretación de gráficos sectoriais.
- Realización dunha enquisa.
- Investigación de conflitos sociais no cine.
- Resumo da información do tema mediante cadros e esquemas.
- Obtención de información sobre a poboación a través de distintos mapas temáticos, gráficos e fotografías.

**TEMA 9. AS CIDADES**

- O espazo rural e o espazo urbano.
- As funcións e a estrutura das cidades.
- A cidade modifica o espazo.
- As cidades en países desenvolvidos e en países en desenvolvemento.
- A área de influencia urbana.
- A xerarquia das cidades.
- Os problemas das cidades.

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Análise do plano urbano.
- Interpretación dun mapa de símbolos proporcionais.
- Análise de mapas e gráficos para obter información xeográfica.
- Elaboración dun cadro sinóptico.
- Investigación con Google Maps.
- Obtención de información de esquemas e fotografías

**TEMA 10. O CONTINENTE EUROPEO. POBOACIÓN E CIDADES.**

- O territorio de Europa.
- A dinámica natural da poboación de Europa.
- Os movementos migratorios de Europa.
- A evolución da poboación europea e o crecemento real.
- A repartición da poboación europea.



- A estrutura demográfica de Europa.
- A poboación urbana europea.
- As cidades europeas.

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Resumo da información nun cadro sinóptico en un mapa conceptual.
- Descrición da evolución das cidades europeas a través de documentos gráficos.
- Análise dun plano urbano.
- Interpretación de mapas, fotografías, e gráficos para extraer información xeográfica.
- Investigación na Internet sobre as cidades europeas Patrimonio da Humanidade
- Analizar o crecemento dunha cidade
- Análise comparativo de tres cidades europeas (eles elixen). Utilizan Urban observatory e completan fichas de observación

**TEMA 11. ESPAÑA E GALICIA: TERRITORIO, POBOACIÓN E CIDADES.**

- A organización territorial de España.
- As institucións españolas.
- A dinámica natural da poboación española.
- Os movementos migratorios en España.
- A distribución da poboación española.
- As cidades españolas.
- A poboación de Galicia.
- As cidades de Galicia.

**INDICADORES DE LOGRO.**

- Descrición da evolución das cidades españolas a través de documentos gráficos.
- Análise dun plano urbano.
- Interpretación de mapas, fotografías, e gráficos para extraer información xeográfica.
- Investigación na Internet sobre as cidades españolas Patrimonio da Humanidade

**3.6. Instrumentos de avaliación. Procedementos e criterios de cualificación.**

Realizarase unha avaliación inicial do alumnado co obxecto de poder adaptar a programación ás características do mesmo

Algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- **Observación sistemática**
- Observación directa do traballo na aula..

- Observación directa sobre a participación e interese e a súa actitude favorable
  - **Analizar as producións dos alumno**
  - Caderno de clase.
  - Resumos.
  - Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas eta.).
  - Traballos monográficos.
  - Traballos de investigación.
  - **Avaliar as exposicións orais dos alumno.**
  - Presentacións en Powe-point. Prezi. Stop motions....
  - Debates
  - Postas en común..
  - **Realizar probas específicas**
  - Obxectivas.
- Exposición dun tema, en grupo ou individualmente

### - *Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe*

Os criterios de avaliación serán o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describe o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, para iso, empregaremos distintos instrumentos e estes faran referencia a:

- Instrumentos de Observación (O): baseados na recollida de información no caderno do profesor, sobre o traballo desenvolvido polo alumno/a, a súa participación nas tarefas, tanto individuais como colectivas, e nestas valoraremos a súa participación tanto voluntaria como demandada polo profesor.
- Instrumentos de produción (P): referidas a expresión nun caderno de clase de actividades realizadas e corrixidas polo alumno/a, dándolle especial importancia a aquelas que requiran unha preparación previa, os traballos individuais realizados así como os colectivos.
- Probas Oraís (PO) neste aspecto valórase a atención prestada a temáticas traballadas con anterioridade, a súa participación positiva, as postas en común, dado que destas probas non queda evidencia integranse conxuntamente no caderno de profesor, como parte de observación.
- Probas escritas (PE) son probas específicas que se realizaran mediante fichas, que previamente realizaran unas fichas de actividades, algunhas serán corrixidas polo profesor e outras a viva voz, sendo o alumnado o que deba realizar unha autocorrección. Coa elaboración destas fichas valoraremos a adquisición dos contidos da materia, así coma o dominio das competencias clave, e a porcentaxe acadada para cada un dos criterios de

avaliación tratados, de modo que poderemos establecer se se chegou ao grado de consecución demandado en cada criterio. Dentro destas probas incluiremos o modelo examen que será avaliable.

<b>Bloque</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Instrumento de avaliación</b>
<b>Bloque 1. O Medio Físico</b>	B1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	Utiliza internet e un mapa, localiza e sitúa distintos espazos xeográficos a través das coordenadas xeográficas. (PE)
	B1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	Identifica, rexistra e explica as características do medio físico de España e Galicia. utilizando mapas. (PE)
	B1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	Sitúa ,localiza e identifica as principais unidades de relevo de España. A partir de mapas e de imaxes de satélite. (PE)
	B1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	Describe as unidades de relevo de España coa axuda dun mapa físico e de imaxes. (PE)
	B1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	Sitúa, localiza e identifica as principais unidades de relevo de Galicia a partir de imaxes de satélite e de mapas. (PE)
	B1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	Explica e describe onde se sitúan os sistemas montañosos de Galicia. a partir de mapas e de imaxes de satélite. (PE)
	B1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	Identifica nun mapa por onde se estende o medio natural oceánico e mediterráneo. (PE)
	B1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	Identifica na imaxe o medio natural co que se corresponde. (PO)
	B1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	Utiliza internet e sitúa os distintos espazos climáticos de Galicia. (PO)
	B1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	Identifica a través de internet os distintos paisaxes de España e Galicia. (PO)
B1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	Explica a desertización e analiza o mapa de risco de desertización en España. Procura máis información na páxina web da Organización Meteorolóxica Mundial. (Traballo en equipo)	
	B2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	Analiza un mapa de densidade de poboación do mundo localizando as grandes áreas de poboación e

<b>Bloque 2. O espazo humano</b>		os baleiros demográficos dos 5 continentes. (PE)
	B2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	Estuda as consecuencias das migracións no mundo nas zonas emisoras e de recepción. Realiza un informe sobre a relación entre o crecemento demográfico e a pobreza utilizando as TIC.(Traballo en equipo)
	B2.2.1. Explica as características da poboación europea.	Describe a través de textos, imaxes..., as características da poboación europea e a súa evolución dende 1800 ata a actualidade. (Observación na aula)
	B2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	Analiza a partir de gráficos o crecemento da poboación dos países de Europa e compara o ritmo de crecemento en cada unha das rexións europeas. (Observación na aula)
	B2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	Elabora pirámides de poboación de España e de Galicia na actualidade e outra dos anos 50 e interprétaas. (PE)
	B2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	Utiliza imaxes de prensa e internet, textos e outras fontes para analizar os movementos migratorios en España dende fins do século XX ata a actualidade.- (Traballo individual)
	B2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	Realizar un mapa e pintar as zonas do mundo que recibiron cuotas importantes de galegos emigrantes. (Traballo individual)
	B2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	Realiza e interpreta pirámides de poboación e gráficos de distintos tipos que reflicten a evolución da poboación nos países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento. (PO)
	B2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	Utiliza internet e localiza as cidades do mundo máis poboadas e indica a situación económica das cidades que máis crecen: países subdesenvolvidos, desenvolvidos... (PO)
	B2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	Identifica os elementos que definen e diferencian o espazo rural e o espazo urbano a partir de imaxes. (PO).
	B2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	Recoñece a través de imaxes distintos tipos de cidades que existen no continente europeo. (PO)
	B2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	Recoñece as características dalgunhas cidades españolas estudando o plano e as imaxes de satélite de Google Maps. (PO)
	B2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	Analiza o impacto humano nas paisaxes naturais españolas observando fotografías e as imaxes de

		satélite de Google Maps.(Traballo individual)
	B2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	Elabora un gráfico demográfico a partir duns datos dados. (PO)
	B2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	Identifica, analiza e explica as principais paisaxes humanizadas de España a través de fotografías e de imaxes de satélite. (PO)
	B2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	Analiza o impacto humano nas paisaxes naturais de España a partir de sus actividades económicas observando fotografías e imaxes de satélite. (PO)
<b>Bloque 3.  A  Historia</b>	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Utiliza internet e outras fontes para obter información sobre o legado dos pobos xermanos e musulmáns. (PO)
	B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Utiliza distintas fontes históricas e aprende a clasificalas. (PE)
	B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	Traballo cooperativo sobre a importancia das distintas fontes históricas para comprender o noso pasado. (Traballo en equipo)
	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Sitúa no tempo e recoñece nun mapa histórico os distintos reinos en que se fragmentou o Imperio Romano de Occidente.(PE)
	B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Ordena acontecementos cronolóxicamente e sitúaos nunha liña do tempo. (PE)
	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Utiliza internet para obter información sobre estas distintas culturas. (PO)
	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Cofece o significado de termos históricos e artísticos e emprégalos axeitadamente.( PO)
	B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	Utiliza distintas fontes para obter información sobre os elementos que caracterizan a Alta Idade Media en Europa(Traballo individual)
	B3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	Comprende e explica a vida cotiá nunha aldea xermana e compáraa cunha cidade romana a partir de imaxes.  Comprende e explica a organización territorial e política dos reinos xermanos a través de mapas, imaxes...(PO)
	B3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	Cofece a organización social e económica, a cultura do reino visigodo.  Cofece a organización social e económica, e a cultura do Imperio Bizantino.  Analiza a sociedade da época feudal a través de

		miniaturas da época.. (PE)
B3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.		Comprende e explica a orixe do Islam, os fundamentos da relixión islámica e a expansión do islam ao longo da Idade Media. A partir de mapas e textos. (PE)
B3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.		Analiza a organización política, a sociedade, a cultura e a vida cotiá do Imperio islámico durante a Alta Idade Media. A través de textos. (PE)
HB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.		Interpreta mapas e liñas do tempo que describen a expansión do islam na Idade Media. (PE)
B3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.		Traballo cooperativo sobre un percorrido virtual sobre o Camiño de Santiago e a súa importancia. (Traballo en equipo)
B3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.		Comprende a situación de crise que empezou a sufrir o Imperio Romano no século III que favoreceu as invasións xermanas. A partir de gráficos, textos...(PE)
B3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.		Utiliza internet para ver obras artísticas de estilo románico, gótico e islámico e comprender as súas características. (PO)

### 3.7. Criterios de cualificación

As cualificacións serán o resultado dos seguintes aspectos::

**1. As probas: 70 % da nota da avaliación.**

En cada avaliación o alumnado realizará un mínimo **de dúas probas** orais ou escritas, globalizadoras dos contidos que nese momento deberán de estar asimilados polo alumnado, correspondente a materia traballada.

A valoración respecto as probas farase atendendo os seguintes criterios :

- Se está ben estruturada desde o punto de vista dos conceptos estudados.
- Se os alumnos empregan correctamente os conceptos traballados.
- Se a expresión escrita demostra que o alumno sabe o que quere dicir.
- Se o vocabulario e a ortografía están empregados correctamente.
- Se a presentación é correcta.

A nota correspondente ós exames calcularase facendo a media entre os exames realizados en cada avaliación. Non se realizará media se algún dos exames ten unha cualificación inferior a 4, figurando nesa avaliación un suspenso independentemente da nota do outro exame.

A nota mínima de media nas probas en cada avaliación, para poder acadar o aprobado ( un 5 sobre 10) será un 5.

## **2.- Traballo diario: na aula e na casa, as tarefas para casa e o caderno será 20% da nota**

**O caderno da clase** contendo os apuntes e as actividades diarias Terase en conta :

- Se o alumno realiza diariamente as tarefas asinadas.
- Se reflexa una comprensión da materia estudada.
- Se está debidamente presentado en tempo e forma.
- **Os traballos:** Inclúen a presentación de sínteses parciais, traballos, comentarios, resúmenes etc.. tanto de maneira individual como en grupos. Na valoración dos traballos seguiranse os mesmos criterios que nas probas.

## **3.- A nota da actitudes será o 10%**

- O respecto aos compañeiros, profesor e a toda a comunidade educativa.
  - O respecto o material tanto individual como común.
  - Portar diariamente o material necesario.E sobre todo, cando a profesora pide que ao día seguinte o material e indispensable para facer actividades, tarefas etc
  - A puntualidade tanto na entrada de clase como como nos termos fixados na elaboración das tarefas.
- A nota será a media dos item mais arriba indicados.

Para superar o curso será indispensable ter aprobado as tres avaliacións cunha nota mínima numérica de 5.

As avaliacións con cualificación negativa terán unha proba de recuperación unha vez rematado o trimestre.

Aqueles alumnos/as que non tiveran superadas as avaliacións durante o curso, realizarán una proba final obxectiva no més de Xuño, de non superala examinaranse na convocatoria extraordinaria de Setembro. Se ó final de curso algún alumno aínda tivese, logo de facer as recuperacións, unha avaliación suspensa terá outra oportunidade de recuperala.

Segundo o recollido no Regulamento de Réxime Interno do IES, a falta reiterada a clase pode provocar a imposibilidade de avaliar ao alumnado. A tal fin, establécese que o alumnado poderá perder o dereito a avaliación continua nunha materia cando o número de faltas non xustificadas por curso exceda do sinalado pola lei

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua deberá realizar os traballos encomendados polo profesorado e presentarse a unha proba final no mes de xuño. .

**2º ESO CURSO 2019-2020 IES POETA AÑÓN**

**1) Libro de texto:** Título: *Xeografía e Historia. Serie Descubre. Proxecto: Saber Facer* Autor: *Varios Autores* Editorial: *Santillan. Obradoiro*

**2) Temporalización e distribución dos temas:**

1ª Avaliación: Xeografía . temas 1,2,3 e 4.

2ª Avaliación: Xeografía e historia. Temas: 5,6,7 e 8.

3ª Avaliación: Historia: temas 9,10,11 e 12.

**3) Número de exames:**

Dous exames de materia por Avaliación(dous temas por exame). De cada avaliación suspensa haberá unha recuperación despois da Avaliación e entrega de notas.

**4) Tipo de exames:**

Os exames poder ter:

- Definicións: principais termos históricos.
- Comentarios de textos sinxelos.
- Análise de obra de arte.
- Prácticas de xeografía: mapas, climogramas, pirámides de poboación, datos de migracións, etc

Nos exames indicárase os puntos das preguntas.

**5) Exercicios:**

Califícarase os exercicios feitos en clase. De non facelos terase un negativo, que descontará 0'25 puntos.

Hai que ter un caderno de clase que sexa de uso exclusivo para esta materia. Nel faránse os exercicios (anotando a páxina do libro no que están e copiando o enunciado) e os apuntes ou esquemas que se fagan na clase. Pegando tamén as fotocopias que entregue a profesora. Os cadernos serán revisados unha vez por avaliación e cada vez que ao alumno/a se lle solicite para corrixir exercicios na clase.

**5) Cualificación:**

- A nota media dos dous exames será o **70%** da nota da avaliación.
- A nota do caderno traballo na clase e tarefas, será o **20%** da nota de avaliación.
- A actitude será de **10%**
- Cada negativo do control de traballo diario descontará 0'25 puntos do punto anterior así como calquera falta negativa de comportamento.
- Se o caderno de clase non é entregado nas datas previstas para a súa revisión significará un 0 nese apartado.
- O alumnado poderá facer lecturas de tipo voluntario e se valorarán positivamente.



**a) Rúbricas****Rúbrica para a observación na aula**

Indicadores	Mellorable	Moi ben	Excelente	Puntuación
Valores	0 puntos	1 puntos	2 puntos	
Asistencia e puntualidade	Nunca ou case nunca	Algunha vez	Sempre	
Realiza tarefas na casa/aula				
Atención nas explicacións.				
Caderno completo e boa presentación.				
Entrega traballos no prazo fixado.				
Ten bo comportamento				
Utiliza fontes de información.				

**Rúbrica para traballo en grupo**

NIVEIS DE ADQUISICIÓN			CUALIFICACIONES
Indicadores	Si	No	
Ten unha actitude positiva e colaboradora cara o traballo			
Estivo receptivo/a as críticas e suxerencias do grupo			
Sempre entrega a tempo o que lle corresponde e o equipo non ten que traballar nas súas responsabilidades			
Faise responsable do seu traballo e o entrega coa máxima calidade.			
Respeto os demais membros do grupo.			
Apoia os seus compañeiros axudando e aconsellando se é necesario.			

**3.8. Temporalización**

<b><u>1º Trimestre</u></b>	Temas: 1 ,2 ,3,4.
<b><u>2º Trimestre</u></b>	Temas: 5,6,7,8.
<b><u>3º Trimestre</u></b>	Temas: 9,10,11,12.

### 3.9. Materiais curriculares e recursos.

Un complemento útil é o **caderno de traballo** do alumno/a, de grande importancia coma instrumento para a avaliación. Nel iranse recollendo ó longo do curso todas aquelas ideas previas, actividades, esquemas, resumos, memorias, etc., que conformarán o traballo na aula e nos poderá indicar en todo momento o nivel que vai acadando o alumno ou a alumna. Tanto o caderno como o material elaborado polo alumno ao longo das avaliacións (papel/archivos Internet) serán entendidos como **PORTAFOLIOS**

Tratarase de insistir no seu coidado e boa presentación, porque desta maneira o alumno ou alumna irá aplicando un método de traballo útil para calquera outra materia. O caderno permitirá recoller follas soltas para a súa corrección e que se poidan engadir con orde cantos documentos, fotocopias, ilustracións, recortes, etc. sexan precisos.

A corrección do caderno ten dous obxectivos: extraer datos para a corrección e asegurármolos de que non hai erros de contido nel, posto que mesmo será un instrumento de estudio do alumno ou alumna.

Por estas razóns, revísase periodicamente. Con esta metodoloxía preténdese que o alumno ou a alumna vaia elaborando o seu propio método de traballo e aprendizaxe e se decate dos seus erros e acertos.

Empregaranse como **libros de texto** os seguintes:

2º. Xeografía e Historia. Serie Descubre. Proxecto Saber Facer. Edit. Santillana. Obradoiro.

Os cursos do Primeiro e Segundo de ESO contarán así mesmo con **materiais auxiliares** en función da necesidade de afianzar ou reforzar coñecementos como os Cadernos de Competencias Básicas ou o Caderno para a Diversidade da editorial Obradoiro-Santillana e Vicens Vives así como os cadernos de láminas Fisterra 1 e Fisterra 2 e outros deseñados e elaborados polo profesorado.

Nos cursos de Terceiro e Cuarto utilizaranse os materiais de reforzo e ampliación proporcionados polas editoriais dos libros de texto, Obradoiro Santillana en 3º e 4º

así como as actividades deseñadas e elaboradas polo profesorado e outros seleccionados entre os materiais proporcionados por diversas editoriais (Vicens Vives...).

A profesora de segundo utilizará tamén material elaborado por ela sobre movementos artísticos, autores e estilos. Tamén material sobre literatura e xeografía e textos literarios para identificar climas, cuestionarios para o taller de historia, itinerarios de viaxes (cadenos de viaxes), e cadernos de poboación para analizar as pirámides e os factores que explican a poboación.

Poderase utilizar o blog da profesora para observar la marcha do curso e materiais que colgarase xunto coa páxina web do centro

Os **recursos didácticos** a utilizar nas clases son os habituais:

- Libro de texto.
- Atlas xeográfico (de diversas editoriais).
- Atlas histórico (de diversas editoriais).
- Esfera.
- Planisferio físico e político.
- Mapas murais físicos e políticos dos diversos continentes, de España e de Galicia.
- Mapa Topográfico Nacional (escalas 1:25.000 e 1:50.000).
- Fotografía aérea.
- Mapas temáticos
- Anuarios.
- Diapositivas (Coleccións de Ed. La Muralla, elaboración propias).
- Buxola.
- Vídeos e DVD.
- Enciclopedias.
- Internet. Documentais de youtube, con asesoría científica de xeografía e historia. **Canal historia**
- Filmoteca. Os alumnos verán unha serie de films cuya temática sea la que estemos estudando nese momento.*Procurarase tamén potenciar entre o alumnado o gusto pola lectura e polo sétimo arte recomendándolle libros de lectura e películas relacionadas coa materia e a súa idade*

### 3.10. Proba extraordinaria de setembro

Ao alumnado que deba ir á proba extraordinaria de setembro deberá obter unha nota de 5 para aprobar.

O alumnado será informado a comezos de curso deste plan de recuperación para setembro e se lle recordará por escrito en xuño aos que teñan a materia suspensa.

### 3.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da pda

Ao igual que nas restantes materias que son responsabilidade deste departamento o seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións conxuntas de tódolos membros do departamento. Estas reunións teñen unha periodicidade mensual, polo que fundamentalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, ademais de valorar os resultados

académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para se fose necesario proceder as modificacións requiridas.

Xa que logo, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, co fin de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final de curso. Está claro que calquera modificación será logo comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela.

Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.

### *b) RÚBRICA DE AUTOREVISIÓN*

	1	2	3	4
1.Adecuación das unidades ao currículo				
2.Adecuación da temporalización dos temas.				
3.Mantívose a temporalización prevista.				
4.Adecuación dos estándares para os temas.				
5.Fixación dunha estratexia metodolóxica común ao departamento.				
6.Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
7.Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
8. Adecuación do libro de texto.				
9.Adecuación das probas de avaliación.				
10.Adecuación das pautas xerais para a avaliación continua.				
11.Adecuación dos criterios para a recuperación dun exames.				
12.Adecuación dos exames				
13.Adecuación dos programas de apoio, recuperación..				
14.Actividades complementarias.				
15.Adecuación da información aos alumnos e pais dos criterios de avaliación,.....				

### 3.12. Medidas de atención a diversidade

Nesta programación do Departamento de Xeografía e historia temos en conta:

- a) O tipo de necesidades, en xeral, que presenta o noso alumnado en Outes. Son pautas xerais para a resposta educativa tendo en conta as directrices da Xunta e organizacións específicas. Planeamos as medidas para os catro cursos en común posto que lo importante é a súa necesidade mais ca curso no que está.

NEAE (necesidade específica de apoio educativo)	Resposta educativa
<p><b>TDAH:</b></p> <p>1 alumno diagnosticado y posiblemente mais, nos diferentes niveis educativos.</p> <p>Debe confirmarse na avaliacion inicial</p>	<p>-Terase en conta o establecido sobre Prevención e intervención dentro da aula do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”</p> <p><a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546">http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</a></p> <p>-Orientacións da Asociación:</p> <p><a href="http://www.acnhsantiago.org/">http://www.acnhsantiago.org/</a></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Supervisar frecuentemente a realización das actividades, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.</li> <li>• Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.</li> <li>• Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira “responsable”, para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.</li> <li>• Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos).</li> <li>• Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos</li> <li>• axenda escolar</li> </ul>

<p><b>a)Desfase curricular por proceder do estranxeiro:</b> 3 alumnos/as na ESO</p> <p><b>b)Desfase curricular por outros motivos:</b> 6 alumnos/as na ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• -Apoios dentro/fóra da aula co PT</li> <li>• -Apoios fóra da aula profesor/a</li> <li>• -RE na aula co propio profesor/a.</li> <li>• Adaptacións curriculares, se procede. Con materiais de reforzo adecuado ao necesidades</li> <li>• -Grupos de adaptación da competencia curricular</li> <li>• -Plan individualizado de seguimento de pendentes.</li> <li>• -Plan de acollida do IES.</li> <li>• Para o desfase curricular utilízanse materiais elaborados pola profesora adaptados e de reforzo</li> <li>• Seguimento individualizado na clase e fora.</li> </ul>
<p><b>Problemas de comunicación (alumnado estranxeiro):</b> 1 alumnos/as na ESO</p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</a></p> <p>-Apoios fóra e dentro da aula co PT e/ou co profesor/a de aula</p> <p>-Grupos de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular.</p>
<p><b>Alumnado con problemas de lecto – escritura:</b> 6 alumnos/as na ESO</p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</a></p> <p>-“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe”: <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656</a></p> <p>-Orientacións da Asociación: <a href="http://www.agadix.es/">http://www.agadix.es/</a></p> <p>-Traballar na medida do posible:</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exactitude lectora e ortografía básica co material de historia.</li> <li>• Comprensión lectora e composición escrita, ...facer composicións sobre temas históricos(Incas, diarios de navegantes.....</li> <li>• Apoio RE do PT e/ou profesor/a da aula</li> </ul>
<p><b>T. Asperger:</b> Posible.</p>	<p>Temos que confirmar a presenza este ano de un alumno con T.Asperger (outros anos timos a un alumnos, de primeiro a cuarto da ESO). De confirmarse plantexaremos as orientacións que o Departamento de orientación do centro impartironse xunto coas normas da xunta.</p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento”  <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</a></p> <p>-“Trastornos xeneralizados do desenvolvemento”  <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</a></p> <p>-Orientacións de ASPERGA:  <a href="http://www.asperga.org/">http://www.asperga.org/</a></p>

b) Outros protocolos da Xunta a ter en conta: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria. / Protocolo de Urgencias Sanitarias.

## 4. TERCEIRO CURSO DA ESO.

### 4.1. Introducción e contextualización

Segundo o decreto 86/2015 do 25 de xuño que establece o currículo da eso e bacharelato en Galicia, conforme á lei 8/2013 para a mellora da calidade educativa, a materia de xeografía e historia de 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria ten como finalidade o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, e resulta esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu, achéganos datos sobre o pasado.

Polo tanto as disciplinas da Xeografía e a Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas como a Economía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias para a mellor comprensión da realidade social.

Xa que logo, esta disciplina pretende afondar e favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

B2.4. Coñecer as características de	B2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa	CCL	100%

diversos tipos de sistemas económicos	interrelación dentro dun sistema económico.	CSIEE CCL CAA CSC	
B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	CCL CMCCT CD CAA CSC	100%
B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	B2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	CAA CD CMCCT	70%
	B2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	CAA CSIEE CD CMCCT	70%
	B2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	CD CAA CSIEE CMCCT	80%
	B2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	CCL CAA CSIEE CMCCT	100%
B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	B2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE	100%
B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	B2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	CCL CAA CSIEE	100%
B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	B2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	CD CAA CSC CSIEE	70%
B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	B2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	CAA CD CCL CMCCT CSIEE	100%
	B2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	CAA CCL CSC CSIEE	100%
	B2.10.3. Enumera as características dos	CAA CCL	80%

	bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	CSC CSIEE	
B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	B2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	CAA CCL CCEC CSIEE CD	100%
	B2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	CAA CCL CCEC CSIEE CD	100%
B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	B2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	CAA CCL CSC CSIEE CD	100%
	B2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.	CAA CCL CSIEE CD	80%
	B2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	CAA CMCCT CSIEE CD CCL	100%
B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.	B2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	CAA CSC CSIEE CCL	100%
	B2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacióna as con factores económicos.	CCL CAA CSC CSIEE	100%
<b>Bloque 3. A Historia</b>			
B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	CSC CAA CCEC	100%
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA	70%
	B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA	80%
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando	CSC CMCCT	100%

acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.		
	B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT	100%
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT	100%
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL	80%
B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	B3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	CSC CAA	100%
B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	B3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	CSC CCEC CAA CCL	100%
B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.	B3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	CSC CCEC CMCCT CCL	100%
B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	B3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	CSC CCEC CAA CCL	80%
B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	B3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA	100%
B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	B3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	CSC CAA	80%
B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	B3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	CSC CMCCT CAA CCL	100%
	B3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	CSC	100%
	B3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	CSC CAA CCL	90%
B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos	B3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos	CSC CAA	100%

---

séculos XVI e XVII en Europa.	"Trinta Anos".		
-------------------------------	----------------	--	--

## 4.7. Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación que se empregarán para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas (PE) ou orais, elaboradas en base aos contidos, obxectivos e criterios de avaliación .
- Observación sistemática e diario do alumnado (OB) na aula: traballo e participación do alumnado nas tarefas de clase.
- Análise da producións do alumnado (PA) recollida no caderno de clase das actividades realizadas e corrixiadas polo alumno, elaboración de resumos, informes.etc.

Entre os instrumentos de avaliación destacamos:

- A avaliación inicial dos coñecementos previos.
- Caderna da profesora na que se rexistraran o traballo do alumnado na clase e a súa participación nas actividades orais ou escritas.
- Caderno de aula do alumnado que amosa o seu método de traballo, a realización de tarefas..
- Traballos individuais realizados na clase ou en casa.
- Traballos en grupo levados a cabo na clase.
- Intervencións do alumnado na clase, ben voluntariamente ou ben á chamada da profesora.
- Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase.
- Elaboración dun esquema-resumo e dun glosario ao final de cada unidade didáctica.
- Lecturas relacionadas coa materia.
- Realización de probas escritas dos contidos traballados previamente nas aula, podendo ser preguntas cortas, tipo test, a desenvolver, prácticos de xeografía, arte o historia.
- Probas orais.

### - *Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe*

Os criterios de avaliación serán o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describe o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, para iso, empregaremos distintos instrumentos e estes faran referencia a:

- Instrumentos de Observación (O): baseados na recollida de información no caderno do profesor, sobre o traballo desenvolvido polo alumno/a, a súa participación nas tarefas, tanto



individuais como colectivas, e nestas valoraremos a súa participación tanto voluntaria como demandada polo profesor.

- Instrumentos de produción (P): referidas a expresión nun caderno de clase de actividades realizadas e corrixidas polo alumno/a, dándolle especial importancia a aquelas que requiran unha preparación previa, os traballos individuais realizados así como os colectivos.
- Probas Oraís (PO) neste aspecto valórase a atención prestada a temáticas traballadas con anterioridade, a súa participación positiva, as postas en común, dado que destas probas non queda evidencia integranse conxuntamente no caderno de profesor, como parte de observación.
- Probas escritas (PE) son probas específicas que se realizaran mediante fichas, que previamente realizaran unas fichas de actividades, algunhas serán corrixidas polo profesor e outras a viva voz, sendo o alumnado o que deba realizar unha autocorrección. Coa elaboración destas fichas valoraremos a adquisición dos contidos da materia, así coma o dominio das competencias clave, e a porcentaxe acadada para cada un dos criterios de avaliación tratados, de modo que poderemos establecer se se chegou ao grado de consecución demandado en cada criterio. Dentro destas probas incluiremos o modelo examen que será avaliable.

<b>Bloque</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>de Instrumento de avaliación</b>
<b>Bloque 1. O medio físico</b>	B1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	Identifica distintas fontes xeográficas (PE)
	B1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	Sitúa distintas cidades do mundo empregando as coordenadas de latitude o lonxitude (PE)
	B1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	Diferencia distintos tipos de mapas e a súa temática (PO)
<b>Bloque 2.</b>	B2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	Sitúa nun mapa de España as distintas provincias, e indicando a comunidade autónoma que pertence (PE)
	B2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	Aprecia e interpreta gráficos nos que se reflexan as distintas taxas de actividade da poboación de países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento (PE)
	B2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	Avaliado no apartado anterior.
	B2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación	Comprende os elementos definitorios dos

<b>O</b>  <b>espazo</b>  <b>humano</b>	dentro dun sistema económico.	sistemas económicos (PE)
	B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	Explica con coherencia que é un desenvolvemento sostible (PO)
	B2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	Nun mapa localiza a produción de distintos cultivos e comentar de modo dirixido as producións observadas, facendo especial fincaxe nos espazos cerealísticos e espazos boscosos, valorando como se están perdendo a favor de outros cultivos (PE)
	B2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	Cita visualizando un mapa as principais zonas produtoras de mineral (PO)
	B2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	Avaliado no apartado 2.8.1
	B2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	Elabora un mapa conceptual sobre os tipos de enerxía (PE)
	B2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	Informarse sobre os espazos sobreexplotados da pesca e elaborar un informe sobre isto e posibles solucións.
	HB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	Nun mapamundi, identifica as principais zonas industriais do mundo, así como as súas producións, relacionando industria con produción e consumo de enerxía
	B2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	Procura de información sobre o percorrido dun produto agrario tropical. (PE)
	B2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	Nunha batería de afirmacións identifica os indicadores de intercambio do comercio mundial (PE)
	B2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	Avaliado no instrumento anterior.
	B2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	Explica porque se constitúen bloques comerciais (PO)
	B2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	Nunha batería de prácticas turísticas, identifica os distintos tipos de turismo (PE)
	HB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	Aprecia a importancia do turismo na economía española, extrapolando a súa comarca (PO, PE)
	B2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	Analiza a través dun mapa, no que se mostren os fluxos comerciais e os principais produtos intercambiados, estes intercambios e comparando o comportamento de distintos espazos relevantes na economía mundial (PE)
	B2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos	Cita as pautas que rixen o comercio mundial (PO)

	impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.	
	B2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	Avaliado no apartado 2.12.1
	B2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	Cita medidas que sexan indicativas de querer superar a pobreza (PO)
	B2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.	Comprende que os conflitos bélicos moitas das veces responden a criterios económicos (O)
<b>Bloque 3.  A  Historia</b>	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	Avaliados no resto de instrumentos ao longo de todas as sesións do bloque.(O)
	B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Avaliados no resto de instrumentos ao longo de todas as sesións do bloque.(O)
	B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.	Avaliados no resto de instrumentos das sesións do bloque.(O)
	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	É capaz a elaborar eixos cronolóxicos de distintos feitos e épocas históricas (O). A elaboración destes será unha constante nas actividades do bloque 3
	B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixos cronolóxicos e mapas históricos.	Apartado anterior
	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Nun eixo cronolóxico situar feitos e culturas que conviven no tempo (PE)
	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Avaliados no resto de instrumentos das sesións do bloque.(O)
	B3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	Sitúa nun eixo distintos feitos acontecidos ao longo a Idade Moderna (PE)
	B3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	Extrae de distintos textos elementos definitorios do Renacemento e do Humanismo (PE)
	B3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	Sitúa na época da Idade Moderna unha serie de inventos (O)
	B3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	Comenta, de modo dirixido, unha obra de arte do Renacemento (PE)
	B3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	Elabora un mapa conceptual dos rasgos que definen os rexímenes políticos da Idade Moderna (PE)
	B3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	É capaz de comprender os cambios introducidos no reinado dos Reis Católicos (PO)
	B3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	Elabora un informe sobre as causas das exploracións a inicios da Idade Moderna, citando

		espazos que se ven afectados por estas exploracións (PE)
	B3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	Apartado anterior.
	B3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	Coa lectura de distintos textos e capaz de apreciar as controversias e distintas explicacións sobre a conquista de América (PO)
	B3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".	Explica coherentemente a política exterior dos Austrias Menores e as súas consecuencias (PE)

#### 4.8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción.

Tendo en conta os criterios de avaliación xerais indicados ao comezo desta programación, ademais daqueles outros que se foron concretando ao longo de cada unha das unidades didácticas que forman parte desta materia, cómpre agora salientar cal é o proceso de cualificación.

Realizarase unha avaliación inicial do alumnado co obxecto de poder adaptar a programación ás características do mesmo..

Algúns dos procedementos e instrumentos que se poden empregar para avaliar o proceso de aprendizaxe:

- **Observación sistemática**
- Observación directa do traballo na aula..
- Observación directa sobre a participación e interese e a súa actitude favorable
- **Analizar as producións dos alumno**
- Caderno de clase.
- Resumos.
- Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas etc.).
- Traballos monográficos.
- Traballos de investigación.
- **Avaliar as exposicións orais dos alumnos**
- Debates
- Postas en común..
- **Realizar probas específicas**
- Obxectivas.

- Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

As cualificacións serán o resultado dos seguintes aspectos::

➤ **As probas:** A nota media dos dous exames será o 70% da nota da avaliación.

A nota da proba sobre o libro de lectura será o 10%.

A nota do caderno será o 10%.

O traballo na aula e as tarefas para casa e o comportamento será o 10%.

➤ **Exercicios:**

Calificaranse os exercicios feitos na clase. De non facelos terase un negativo, que descontará 0'25 puntos.

Hai que ter un caderno de clase que sexa de uso exclusivo para esta materia. Nel faranse os exercicios (anotando a páxina do libro na que están e copiando o enunciado) e os apuntes ou esquemas que se fagan na clase. Os cadernos serán revisados unha vez por avaliación e aleatoriamente cada vez que lle corresponda corrixir na aula ao alumno/a.

➤ **Libros de lectura:**

- Haberá que ler un libro por avaliación do que logo se fará unha entrevista coa profesora
- La esclava de márfil. Almudena de Arteaga.
- Venganza en Sevilla. Matilde Asensi.
- El secreto de Maribarbola. M<sup>a</sup> Teresa Alvarez.
- Contra el viento. Angeles Caso.
- Sete caveiras. Elena Gallego Abad.
- Memoria do silencio. Eva Mejuto

Ao longo do curso entregarase aos alumnos máis títulos.

➤ **Cualificación:**

- A nota media dos dous exames será o 70% da nota da avaliación.
- A nota da proba sobre o libro de lectura será o 10%.
- A nota do caderno será o 10%.
- traballo na aula e as tarefas para casa e o comportamento será o 10%.

En cada avaliación o alumnado realizará un mínimo de dúas probas orais ou escritas, globalizadoras dos contidos que nese momento deberán de estar asimilados polo alumnado, correspondente a materia traballada.

A valoración respecto as probas farase atendendo os seguintes criterios :

- Se está ben estruturada desde o punto de vista dos conceptos estudados.
- Se os alumnos empregan correctamente os conceptos traballados.
- Se a expresión escrita demostra que o alumno sabe o que quere dicir.

- Se o vocabulario e a ortografía están empregados correctamente.
- Se a presentación é correcta.

A nota correspondente aos exames calcularase facendo a media entre os exames realizados en cada avaliación

A nota mínima de media nas probas en cada avaliación, para poder acadar o aprobado ( un 5 sobre 10) será un 5.

- **O caderno da clase 10%** contendo os apuntes e as actividades diarias . Terase en conta :
  - Se o alumno realiza diariamente as tarefas sinaladas
  - Se reflexa una comprensión da materia estudada.
  - Se está debidamente presentado en tempo e forma.

**Os traballos:** Inclúen a presentación de sínteses parciais, traballos, comentarios, resúmenes etc.. tanto de maneira individual como en grupos. Na valoración dos traballos seguiranse os mesmos criterios que nas probas.

- **10%. A actitude do alumno na clase: a nota será a medio dos item sinalados mais adiante**

Neste apartado terase en conta a participación no seu proceso de aprendizaxe, e o comportamento na aula . Por tanto avaliarase:

- A actitude participativa, responsable e de cooperación.
- O interese e predisposición de cara a realización do traballo..
- O interese e predisposición de cara a realización do traballo..
- O respecto aos compañeiros, profesor e a toda a comunidade educativa.
- O respecto polo material tanto individual como común.
- Portar diariamente o material necesario.
- A puntualidade tanto na entrada de clase como como nos termos fixados na elaboración das tarefas.

Para superar o curso será indispensable ter aprobado as tres avaliacións cunha nota mínima numérica de 5.

As avaliacións con cualificación negativa terán unha proba de recuperación unha vez rematado o trimestre.

Aqueles alumnos/as que non tiveran superadas as avaliacións durante o curso, realizarán unha recuperación por avaliación. Se ó final de curso algún alumno/a aínda tivese, logo de facer as recuperacións, unha avaliación suspensa, terá outra oportunidade de recuperala. Cando o resultado deste proceso sexa negativo o alumnado terá que presentarse á proba Extraordinaria de setembro.

Segundo o recollido no Regulamento de Réxime Interno do IES, a falta reiterada a clase pode provocar a imposibilidade de avaliar ao alumnado. A tal fin, establécese que o alumnado poderá perder o dereito a avaliación continua nunha materia cando o número de faltas non xustificadas por curso exceda do sinalado pola lei

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua deberá realizar os traballos encomendados polo profesorado e presentarse a unha proba final no mes de xuño.

Asemade promocionarán en setembro todos aqueles que consigan unha nota mínima de 5 puntos na proba da convocatoria extraordinaria, atendendo aos criterios específicos que se detallan no apartado dedicado ao respecto

### PLAN DE TRABAJO. XEOGRAFÍA E HISTORIA.

3º ESO CURSO 2019-2020 IES POETA AÑÓN

1) **Libro de texto:** Título: *Xeografía e Historia 3º ESO. Serie Descubre. Proxecto Saber facer* Autor: *Varios Autores* Editorial: *Santillana. Obradoiro.*

2) **Temporalización e distribución dos temas:**

<u>1ª Avaliación:</u>	Historia. Temas 9 ao 12.
<u>2ª Avaliación:</u>	Xeografía urbana e económica. Temas 1 ao 5.
<u>3ª Avaliación:</u>	Historia moderna. Temas 5 ao 9.

3) **Número de exames:**

Dous por avaliación. De cada avaliación suspensa haberá unha recuperación.

4) **Tipo de exames:**

- Definición de conceptos. Principais termos históricos e xeográficos.
- Comentarios de textos históricos
- Análise de obras de arte.
- Prácticas de xeografía: mapas, poboación, migracións.
- Resolución de dúas cuestión teóricas e/ou prácticas. 4 puntos (2 cada unha).

Nos exames indicárase os puntos das preguntas.

5) **Exercicios:**

Calificarase os exercicios feitos en clase. De non facelos terase un negativo, que descontará 0'25 puntos.

Hai que ter un caderno de clase que sexa de uso exclusivo para esta materia. Nel faranse os exercicios (anotando o número de estes e maila páxina do libro no que están) e os apuntes ou esquemas que se fagan na clase. Os cadernos serán revisados unha vez por avaliación.

6. **Libros de lectura:**

- La esclava de márfil. Almudena de Arteaga.
- Venganza en Sevilla. Matilde Asensi.
- El secreto de Maribarbola. Mª Teresa Alvarez.
- Contra el viento. Angeles Caso.

- Sete caveiras. Elena Gallego Abad.
- Memoria do silencio. Eva Mejuto

### 7.Cualificación:

- A nota media dos dous exames será o **70% da nota da avaliación.**
- A nota da proba sobre o **libro de lectura será o 10%.**
- A nota do **caderno será o 10%.**
- **actitude na clase (actitude, traballo, etc.) será o 10%.**
- Cada negativo do control de traballo diario descontará 0'25 puntos da nota do comportamento.

## 4.9.Contidos e indicadores de logro por unidade didáctica

### TEMA 1. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO MUNDO:

- Os estados actuais.
- Os estados segundo a súa organización política.
- Os estados segundo a súa organización territorial.
- A cooperación entre os Estados.
- Os conflitos entre estados.
- Un exemplo de cooperación: A UE
- A Unión Europea hoxe e os seus retos de futuro.
- O estado español.
- As Comunidades Autónomas: contrastes territoriais.

### INDICADORES DE LOGRO:

- Analiza datos estatísticos sobre España.
- Interpreta mapas políticos do mundo.
- Identifica características básicas do **estado de benestar.**
- Enumera países democráticos e dictaduras actuais.
- Interpreta en mapas de España os contrastes entre as Comunidades Autónomas.



- Interpreta un gráfico da estrutura territorial do Estado.
- Clasifica o Estado español segundo a súa organización territorial.
- Distingue nun mapa político a distribución territorial de España e das diferentes Comunidades Autónomas.
- Elabora un mapa político de España.
- Interpreta un mapa sobre o impacto do terrorismo no mundo.
- Busca información e completa fichas de países utilizando **World Factbook**

## **TEMA 2. O MUNDO, UNHA ECONOMÍA GLOBALIZADA.**

- A actividade económica
- Axentes económicos e factores productivos.
- A economía actual: a globalización
- Que factores favorecen a globalización.
- Os efectos da globalización.
- O auxe das economías emerxentes.
- A deterioración das potencias tradicionais.
- Os retos do traballo no mundo global.

### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Recoñece os trazos que definen a actividade económica, as súas fases e os sectores económicos.
- Analiza noticias de prensa política e económica.
- Interpreta nun gráfico como evolucionou o comercio internacional.
- Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro da economía globalizada.
- Explica os contrastes entre os países desenvolvidos e os emerxentes.
- Analiza o risco de pobreza no traballo na Unión Europea

**TEMA 3. O SECTOR PRIMARIO**

- O sector primario nos nosos días.
- A paisaxe agraria.
- Os elementos humanos da paisaxe agraria.
- A agricultura das rexións desenvolvidas.
- A agricultura das rexións en desenvolvemento.
- A gandaría.
- A pesaca.
- O sector primario na Unión Europea.
- O sector primario en España e en Galicia.
- As paisaxes agrarias españolas.
- O sector primario en Galicia.

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Analiza como evolucionou a poboación ocupada no sector primario na Unión Europea.
- Busca información, identifica, e explica as diferenzas entre os diferentes sistemas económicos, tendo en conta a lei da oferta e a demanda.
- Interpreta textos, gráficos e imaxes que relacionan a economía coa agricultura, a gandaría e a pesca.
- Describe conceptos clave relacionados co desenvolvemento rural sustentable; analiza as tecnoloxías agrarias e a súa repercusión no medio ambiente, así como a produción para combater a fame no mundo.
- Describe os tipos de pesca e reflexiona sobre as consecuencias da sobreexplotación

**TEMA 4. MINERÍA, ENERXÍA E INDUSTRIA.**

- A explotación dos recursos naturais: a minaría.

- As fontes de enerxía.
- Enerxías no renovables.
- Enerxías renovables.
- Nacemento e desenvolvemento da industria.
- Os trazos do sistema industrial actual.
- Novos factores de localización industrial.
- O proceso de deslocalización.
- As patencias industriais.
- O sector secundario na UE.
- Minaría, enerxía e industria en España.
- Minaría, enerxía e industria en Galicia.

#### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Identifica e sitúa nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo e as que posúen máis dunha determinada porcentaxe de reserva
- Interpreta táboas e gráficos sobre a produción e o consumo de cada tipo de enerxía
- Analiza un paisaxe industrial.
- Traballa en grupo nun suposto sobre a mellor localización dunha industria en Galicia.
- Localiza e identifica as zonas do mundo que máis producen e as que máis consomen.
- Interpreta gráficos sobre enerxías alternativas.
- Identifica e nomea as principais formas de enerxía renovable, indicando de cales se obtén un maior rendemento na actualidade.
- Interpreta táboas e gráficos que rexistran datos económicos sobre as principais potencias económicas, comparando as súas características de produción e consumo por sectores.

#### **TEMA 5. OS SERVICIOS**

- As actividades de servizos.
- O comercio: factores e tipos.
- Un comercio mundial polarizado.
- O transporte:funciones e redes.
- O transporte terrestre.
- O transporte naval.
- O transporte aereo.
- O turismo.
- Os fluxos turisticos internacionais.
- Outros servizos.
- O comercio e o transporte en España.
- O turismo e outros servizos en España.
- O sector servizos en Galicia.

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Identifica e describe adecuadamente a evolución do comercio e os intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos; extrae conclusións sobre as consecuencias positivas e negativas que ten a globalización.
- Comprensión lectora de artigos de prensa.
- Enumera os bloques comerciais e os seus países membros.
- Identifica os tipos de turismo.
- Analizar o impacto turístico nun lugar concreto: Benidorm.
- Valora o turismo sustentable.
- Identifica os fluxos turísticos internacionais.
- Facer en grupo unha guía de viaxe.Eles elixen o destino.
- Valora o impacto do turismo na poboación, na economía e no medio natural.

- Analiza como afecta a inestabilidade política ao turismo

## **TEMA 6. UN MUNDO DE CIDADES.**

- A cidade función e estrutura.
- A organización do espazo urbano.
- O proceso de urbanización.
- A rede urbana mundial.
- Os grandes retos das cidades.
- As cidades de España.

### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Analiza o espazo urbano a partir dun plano.
- Completar unha táboa do espazo urbano.
- Facer un mural público con los problemas e medidas dos problemas nas cidades.
- Analizar unha megacidade: India....
- Interpretar imaxes de satélite.

## **TEMA 7. O RETO DO DESENVOLVEMENTO**

- O países segundo o seu desenvolvemento.
- Causas do atraso económico.
- A pobreza extrema e a fame.
- As desigualdades de saúde e benestar.
- As desigualdades económicas.
- As desigualdades sociais.
- Como avanzar no desenvolvemento.

- Pobreza e desenvolvemento en España.

#### INDICADORES DE LOGRO.:

- Interpreta textos, gráficos e mapas, comparando as características de cada tipo de poboación en diversos países e analizando o grao de desenvolvemento que mostran estes datos
- Analiza gráficos para comparar o PIB e a débeda externa de diferentes países.
- Compara o desenvolvemento de dous países con diferentes indicadores.
- Recompila datos sobre as características e as causas do subdesenvolvemento e realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza e conseguir os obxectivos de desenvolvemento
- Compara o desenvolvemento de dous países ( eles elixen)
- Analizar o documental: **Camino a Escola.(2013).**
- Completar un cuestionario sobre la película: **Estación central de Brasil.**

#### TEMA 8. A SUSTENTABILIDADE MEDIOAMBIENTAL.

- Deterioración ambiental e nacemento da conciencia verde.
- A contaminación atmosférica e o cambio climático.
- A auga. Escasez e contaminación.
- A deforestación.
- A perda de biodiversidade.
- A degradación do solo.

#### INDICADORES DE LOGRO.

- Identifica os espazos protexidos de Galicia.
- Interpreta imaxes e mapas sobre problemas ambientais actuais; realiza procuras en medios impresos e dixitais relacionados con eles e explica as súas conclusións.
- Valora a importancia dun consumo sustentable e propón medidas para logralo.

- Analizar los incendios forestales en España con prensa.

#### **TEMA 9. IDADE MODERNA. UNHA NOVA ERA: \***

- Un tempo de exploracións.
- As exploraciones portuguesas
- As exploracións castelás.
- América precolombina.
- As transformacións sociais e económicas.

#### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Identifica o legado da era dos descubrimentos.
- Interpreta los datos históricos das lendas
- Identifica os pobos precolombianos que convivían nesta época.
- Elabora unha recreación histórica ( **Tenochtitlan**)
- Identifica a Idade Moderna como unha nova era.
- Coñece e explica os acontecementos históricos máis significativos.
- Utilizar o vocabulario histórico e artístico da Idade Moderna con precisión.
- Coñece e explica os principais acontecementos, en relación co reinado dos Reis Católicos.
- Describe as transformacións sociais e económicas da época.

#### **TEMA 10. NOVAS FORMAS DE PENSAR: RENACEMENTO E REFORMA**

- O humanismo, unha nova forma de pensar.
- Unha concepción diferente da ciencia e da arte.
- O Quattrocento.
- O Quinquecento.
- A expansión do Renacemento.
- Os cambios relixiosos: a Reforma
- A contrarreforma

**INDICADORES DE LOGRO:**

- Busca información e expoñe as biografías de personaxes míticos do Humanismo: **Erasmus de Rotterdam/ Moro, Vives, Servet**
- Fai un mural cos principais acontecementos e perxonaxes do mundo da astronomía medicina y física.
- Realiza fichas biográficas dos principais artistas do Renacemento e Barroco
- Interpreta e analiza imaxes de arte: arquitectura, escultura e pintura.
- Fai comentario de textos: 95 teses de Lutero.
- Interpreta e comenta mapas
- Realiza unha visita virtual a unha **galería: Uffizi...**

**TEMA 11. A FORMACION DO IMPERIO ESPAÑOL.**

- A aparición do Estado Moderno.
- O reinado dos Reis Católicos.
- O imperio español: os problemas internos.
- A organización do imperio.
- Os problemas exteriores
- A conquista de América.
- A organización dos territorios americanos.

**INDICADORES DE LOGRO**

- Interpreta un mapa político, identificando monarquías autoritarias.
- Fai un árbore xenealoxía de Carlos V
- Comenta o mapa do imperio español.
- Investiga novelas da época e os grupos sociais e características políticas e económicas que aparecen.



- Busca información na web **do ESCORIAL**.
- Fai unha presentación en power-point e expoñe na clase sobre **O GRECO**.
- Busca cadros importantes da época e explica como coñecese a sociedade a través do vestido.

## **TEMA 12. A EUROPA DO BARROCO.**

- Unha época de crise.
- O declive da Monarquía Hispánica.
- A fin da hexemonía española en Europa.
- Francia, primeira potencia europea.
- O éxito comercial das Provincias Unidas.
- O triunfo do parlamentarismo en Inglaterra.
- A revolución científica.
- Arte barroca. Arquitectura e urbanismo.
- A escultura barroca.
- O Século de Ouro español.
- Galicia na Idade Moderna.

### **INDICADORES DE LOGRO:**

- Analiza táboas e gráficos de peste e poboación.
- Sabe explicar na clase o funcionamento **do Domestic System**
- Busca información e fai fichas dos principais personaxes da época: **Validos**.
- Comentario de texto: **Unión de Armas e Guerra de Sucesión**.
- Compara o sistema político frances e inglés.
- Fai mural público sobre os avances científicos e inventos do século XVII

- Fai comentarios da arte barroco: arquitectura, escultura e pintura.
- Analiza unha pintura (elixe): **Rubens, Caravaggio, Rembrandt**
- Completa unha táboa coas escolas do Barroco.
- Elixo un cadro de **Velazquez** e presenta na clase.
- A partir de documentos históricos, literarios e iconográficos fai un informe

#### 4.10. Temporalización

<b>1º Trimestre *</b>	Temas: 1,2,3,4
<b>2º Trimestre</b>	Temas: 5,6,7,8
<b>3º Trimestre</b>	Temas: 9,10,11,12.

#### 4.11. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

#### 4.12. Materiais e recursos didácticos

Os materiais cos que profesorado e alumnado traballarán nesta materia son os seguintes:

- Libro de texto: Xeografía e Historia. Serie Descubre. Proxecto Saber Facer. Ed. Santillana.
- Mapas, textos, gráficas e fotografías de carácter histórico e xeográfico.
- Material audiovisual relacionado coa Xeografía e coa Historia.
- Na aula dispónse de ordenador e proxector, con conexión a internet.
- Internet e material dixital.
- Os mesmos recursos didácticos que os de niveis anteriores pero adaptados a suidade e materia.

#### 4.13. Proba extraordinaria de setembro

A cualificación final da proba extraordinaria deberá ser un 5 para o aprobado.

#### 4.14. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe, polo que orientarase a intervención en función desta variedade. Daquela, empregaranse recursos básicos para desenvolver distintas estratexias de ensino para facilitar as aprendizaxes do alumnado en función das súas necesidades concretas. Isto esixe un tratamento en diferentes niveis de profundidade dos contidos, tendo en conta que o texto expositivo e as actividades de síntese desenvolverán os contidos básicos da unidade.

Ademais elaboraranse actividades que terán distintos niveis de dificultade e incluíranse actividades de reforzo e de ampliación para cada un dos temas que conforman o libro de cada alumn@.

Aplicarase as medidas e as orientacións indicadas arriba.

## 4.15. Contidos transversais

### 1. **COMPRESIÓN LECTORA:**

Fundamentalmente proporase en cada unidade didáctica a lectura dun texto relacionado cos contidos a traballar. Asemade nalgúns casos pedirase a elaboración de redaccións sobre algún dos aspectos tratados no tema.

A lectura dos textos será individual, pero tamén en grupo. Ao remate da mesma proporase a realización de debates coa finalidade de avaliar a comprensión do texto.

### 2. **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:**

En relación co aspecto anterior e complementándoo, proporase a redacción de textos e a exposición oral de traballos sobre eses textos ou outros distintos. En todo caso cada un deles relacionado coa materia explicada.

### 3. **COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:**

Xunto coas novas tecnoloxías e un aspecto moi importante no traballo na clase. Aproveitando os fondos audiovisuais cos que conta o centro, máis aqueles outros aos que se pode acceder por internet, as explicacións do libro de texto e do material escrito co que se traballa, complementarase co visionado de películas, documentais e/ou reportaxes sobre os temas obxecto de estudo.

### 4. **TRATAMENTO DAS TIC:**

Van ser un aspecto moi importante desde o punto de vista metodolóxico porque supoñen unha ferramenta moi importante, non só para a procura de información ou para a adquisición de materiais audiovisuais existente na Rede, senón tamén para a elaboración de traballos, presentación, gráficas mediante o uso das novas tecnoloxías. Así permitirase ao alumnado o coñecemento de programas informáticos útiles para traballar cos materiais de xeografía e historia.

### 5. **EMPRENDEMENTO:**

Con este tema transversal o que se busca é conseguir que o alumnado se mostre interesado por aquelas actividades que poñan de manifesto a súa capacidade creativa e innovadora á hora de levar a cabo proxectos emprendedores en relación non só coa xeografía senón tamén coa historia.

### 6. **EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL:**

O estudo da xeografía e da historia permite achegarse ao coñecemento doutras culturas distintas, xa no tempo, xa no espazo, polo que o alumnado aprende normas cívicas, de comportamento sobre todo o respecto pola cultura diferente da propia e polos dereitos dos demais. Así pois é un valor importante a transmitir a través do coñecemento xeográfico e histórico, que en ningún caso pode quedar de lado.

#### 4.16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da pda

Ao igual que nas restantes materias que son responsabilidades deste departamento o seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións conxuntas de tódolos membros do departamento. Estas reunións teñen unha periodicidade mensual, polo que fundamentalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, ademais de valorar os resultados académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para se fose necesario proceder as modificacións requiridas.

Xa que logo, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, co fin de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final de curso. Está claro que calquera modificación será logo comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela.

Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.

**Ver RÚBRICA DE AUTOREVISIÓN**

## 5. CUARTO CURSO DE ESO

### 5.1. Introducción e contextualización

O coñecemento da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se deu a estes achéganos datos sobre o pasado e permítenos albiscar algúns dos problemas do futuro. As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixos vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Con todo a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas, como a Economía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias para a mellor comprensión da realidade social. Na ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende profundar nos coñecementos adquiridos polos estudantes na Educación Primaria, favorecer a comprensión dos acontecementos, procesos e fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques “O medio físico” e “O espazo humano”, e en cuarto curso céntrase na globalización. A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos da ESO.

No contexto espacial e socioeconómico no que vive o alumnado do IES Poeta Añón é moi importante para a súa formación como persoas entender tódolos procesos que se dan na bisbarra de Muros-Noia, e entendela como parte da historia de Galicia, de España e de Europa como ámbitos máis cercanos. Interesa que desa historia o alumnado sexa capaz de comprender os acontecementos contemporáneos, séculos XIX e XX, como aqueles que máis axudaron a formar a sociedade na vivimos actualmente. Xa que logo o currículo céntrase nos feitos históricos acaecidos no mundo e tamén en España e Galicia durante estes dous últimos séculos.

### 5.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria

a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétase en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Xeografía e Historia, incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumno ou a alumna será consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Así pois, traballaremos os seguintes descritores competenciais:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder preguntas.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.

### **Comunicación lingüística**

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da Competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e do uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociadoaos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes, para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Polo tanto, destacaremos os descritores seguintes:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### **Competencia dixital**

A Competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais, e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...),



procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumno ou a alumna cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

## **Conciencia e expresións culturais**

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender

as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que lle permite desenvolver un espírito crítico e lle facilita ao alumno ou a alumna a comprensión da relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- \*Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

## Competencias sociais e cívicas

A Competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual, e favorece que o alumnado comprenda que estas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que, por

iso mesmo, poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno ou a alumna asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos, aplicándoos ao seu ámbito social e converténdoo nun cidadán ou unha cidadá activo ou activa capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social, interactuando con outras persoas e grupos, favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

## Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumno ou a alumna nos procesos de toma de decisións que afecten a súa aprendizaxe favorece a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e as consecuencias futuras destas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e no seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupales sobre os intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros e outras non aprecian.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### **Aprender a aprender**

A Competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...), e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para dar respostas ás formulacións do ser humano, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Secundaria obrigatoria.

Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### 5.3. Obxectivos

- Analizar as características do «Antigo Réxime» desde distintas perspectivas.
- Reflexionar sobre os avances da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.
- Analizar o movemento cultural e social en Europa e América coa Ilustración.
- Identificar e comprender os distintos procesos revolucionarios nos EEUU, Francia, e España, afondando nos feitos que os motivaron, o seu alcance e as súas limitacións.
- Entender as causas da Revolución Francesa e describir os feitos máis relevantes.
- Comprender a evolución de España e Galicia a través dos cambios económicos provocados pola industrialización do país, afondando nos avances e sacrificios e/ou proles e contras deste proceso.
- Afondar no imperialismo, a súa evolución, as potencias imperialistas e a repartición de poderes no mundo.
- Identificar os aspectos principais da interconexión entre a «Gran Guerra» e a Revolución Rusa.
- Identificar os avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
- Recoñecer no Romanticismo a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, expresionismo, etc.
- Analizar os acontecementos, fitos e procesos ocorridos no período de entreguerras.
- Afondar nas causas que provocaron o auxe dos fascismos.
- Coñecer os feitos e contextos dos distintos acontecementos bélicos.
- Identificar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX.
- Identificar as bases do estado do «Welfare State» en Europa.
- Analizar a Guerra Fría desde as relacións entre EE.UU. e a URSS.
- Reflexionar sobre a evolución da ditadura en España e Galicia..
- Interpretar a repercusión mundial da crise económica.
- Analizar as causas e consecuencias do derrubamento da URSS.
- Comprender o proceso de constitución da Unión Europea.
- Coñecer e identificar algúns factores da globalización.
- Recoñecer o que supuxo a revolución tecnolóxica e os cambios fundamentais que provocou.
- Valorar o legado histórico, recoñecendo a súa influencia no que temos no presente.

### 5.4. Estándares de aprendizaxe

O currículo da área de Xeografía e Historia agrúpase en varios bloques.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece para a Comunidade Autónoma de Galicia o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

A partires deles o alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura social; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito.

- 1) Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.
- 2) Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.
- 3) Coñecer os avances da revolución científica desde os séculos XVII e XVIII.
- 4) Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.
- 5) Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.
- 6) Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.
- 7) Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.
- 8) Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.
- 9) Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.
- 10) Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.
- 11) Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.
- 12) Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.
- 13) Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
- 14) Esquemmatizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

- 15) Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.
- 16) Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.
- 17) Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.
- 18) Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.
- 19) Coñecer as causas da II Guerra Mundial.
- 20) Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.
- 21) Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
- 22) Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945 e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.
- 23) Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.
- 24) Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do «Welfare State» en Europa.
- 25) Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.
- 26) Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.
- 27) Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.
- 28) Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

29) Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

30) Entender a evolución da construción da Unión Europea.

31) Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica.

32) Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais

transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

33) Recoñecer que o pasado non está «morto e enterrado», senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

34) Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

35) Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

36) Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

33) Recoñecer que o pasado non está «morto e enterrado», senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

34) Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

35) Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

36) Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

## **5.5. Grao mínimo de consecución dos estándares. Mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación serán o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describe o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr rematado o curso. Establecemos a porcentaxe que debe alcanzar para cada un dos estándares, son os que seguen:

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>C Cla v</b>	<b>Grado mínimo de consecución</b>
<b>Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789</b>			
B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	B1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	CSC CAA CCL	<b>Diferencia correctamente</b> en documentos as características dos sistemas políticos absolutista e parlamentario. <b>100%</b>
	B1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	CSC CAA CCL	<b>Elabora mapas sinópticos</b> coherentes coas características económicas, sociais e políticas do Antigo Réxime <b>70%</b>
▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	CSC CCE C CCL	<b>Describe aceptablemente</b> as propostas reformistas dos ilustrados e a súa pegada nas políticas desenvolvidas polas monarquías europeas do XVIII. <b>80%</b>
B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	B1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	CSC CMC CT CAA	<b>Elabora sínteses</b> explicando correctamente as características básicas do progreso no coñecemento científico durante os séculos XVII e XVIII partindo de documentos e imaxes. <b>100%</b>
	B1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	CSC CMC CT	
<b>Bloque 2.- A Era das Revolucións Liberais</b>			
B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC CAA CCL	Analiza documentos, imaxes e secuencias de películas, con preguntas guía, para <b>elaborar redaccións e mapas sinópticos</b> describindo coherentemente as causas, as características, os actores e as consecuencias das <i>revolucións liberais</i> . <b>60%</b>
	B2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.	CSC CAA CCL	
	B2.2.1. Redacta unha narrativa sintética	CSC	



B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.	CAA CCL	<b>Elabora composicións e mapas sinópticos</b> identificando os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América durante a segunda metade do século XVIII e a primeira do XIX, respostando correctamente a preguntas concretas e usando documentos e imaxes. Demostra que coñece as achegas deses procesos á cultura política contemporánea. <b>80%</b>
	B2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.	CSC CAA CCL	
	B2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	CSC CAA CCL	<b>Reflexiona acertadamente</b> , de palabra ou por escrito, sobre as consecuencias do emprego da violencia como instrumento político nas revolucións liberais. <b>70%</b>
<b>Bloque 3.- A Revolución Industrial</b>			
B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	B3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	CSC CAA CCL	<b>Elabora correctamente mapas conceptuais</b> describindo as novas materias primas, fontes de enerxía, medios de transporte e sectores produtivos da primeira vaga da industrialización <b>90%</b>
B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	B3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.	CSC CAA CCL	Utiliza documentos, imaxes, series de datos, gráficas e secuencias de películas para <b>elaborar composicións</b> nas que analiza e compara as características e as consecuencias dos procesos industrializadores en diversos estados europeos e doutros continentes. <b>90%</b>
	B3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.	CSC CAA CCL	
B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	B3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	CSC CSIE CCL	Describe oralmente ou por escrito as consecuencias negativas da industrialización no referido ás pésimas condicións de vida e de traballo das familias obreiras, partindo de documentos, imaxes, series de datos, gráficas e secuencias de películas. <b>70%</b>

B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	B3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.	CSC	<b>Elabora mapas conceptuais</b> e composicións que describan coherentemente as características da industrialización en Cataluña, Euscadi, Andalucía e Galicia, sinalando as consecuencias económicas, políticas e sociais durante o século XIX. <b>90%</b>
B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais	B3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.	CSC CAA CMC CT	<b>Elabora correctamente un eixe cronolóxico</b> no que figuren os principais avances científicos e tecnolóxicos que tiveron repercusión no proceso industrializador durante o século XIX. <b>100%</b>
<b>Bloque 4.- A O Imperialismo do S. XIX e a primeira guerra mundial</b>			
B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	B4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.	CSC CAA CCL	<b>Identifica</b> correctamente os territorios coloniais en mapas mudos de África e Asia. <b>Describe</b> as causas do imperialismo e as características da dominación colonial en composicións e responde correctamente a preguntas concretas usando mapas, documentos e imaxes fornecidos ad hoc Describe verbalmente ou por escrito as xustificacións do colonialismo partindo de textos e imaxes. <b>100%</b>
	B4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.	CSC CCL	
B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	B4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	CSC CAA	<b>100%</b>
B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	B4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.	CSC CAA	<b>Elabora un mapa sinóptico</b> explicando coherentemente as causas que levaron a Gran Guerra e os intereses dos contendentes. <b>100%</b>
	B4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.	CSC CAA	<b>Describe</b> acertadamente as consecuencias políticas da Gran Guerra partindo de imaxes, mapas e documentos referidos aos tratados de paz. <b>70%</b>

	B4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	CSC CAA CCL	<b>Explica aceptablemente</b> a percepción da traizón na retagarda e a xenreira contra do <i>diktat de Versailles</i> na sociedade alemana da posguerra partindo de documentos e discursos políticos da época . <b>100%</b>
B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	B4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	CSC CAA CCL	<b>Realiza composicións</b> e/ou mapas conceptuais nos que figuran correctamente as causas da revolución soviética, os actores principais e os seus intereses, as características e fases do proceso revolucionario e as consecuencias do triunfo bolxevique. <b>100%</b>
B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	B4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.	CSC CAA CCL CCE C	<b>Comenta</b> verbalmente e/ou por escrito as características de obras pictóricas, escultóricas e arquitectónicas representativas dos movementos culturais do século XIX: Romanticismo, realismo e impresionismo, respostando acertadamente a preguntas concretas e usando imaxes específicas. <b>80%</b>
	B4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.	CSC CAA CCL CCE C	
<b>Bloque 5.- A época de entreguerras (1919-1939)</b>			
B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	B5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	CSC CAA CCL	Utiliza documentos, series de datos, representacións gráficas, imaxes e secuencias de películas para elaborar <b>composicións</b> e/ou mapas conceptuais describindo a evolución económica, política, social e cultural do mundo entre 1918 e 1929. <b>100%</b>
	B5.1.2. Relaciona cuestións concretas do pasado co presente e posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.	CSC CAA	
	B5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	CSC CAA CCL	<b>Explica</b> verbalmente e/ou por escrito o contexto sociopolítico das reivindicacións sufragistas salientando a súa achega á universalización dos dereitos e á democratización da sociedade. <b>70%</b>
B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.	B5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en	CSC CCL	<b>Describe</b> os diversos factores económicos, políticos e sociais que

	Europa.		facilitaron o auxe do fascismo na Europa de entreguerras partindo de documentos, imaxes e secuencias de películas. <b>100%</b>
B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	B5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	CSC CCL	<b>Elabora un mapa conceptual</b> ou unha composición explicando correctamente as causas, as características, os obxectivos e as consecuencias das políticas reformistas aplicadas durante o bienio republicano socialista (1931-1933) <b>100%</b>
	B5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	CSC CAA CCL	<b>Explica coherentemente</b> as razóns da radicalización política entre 1934 e 1936, no contexto da expansión dos fascismos en Europa e da perda do poder político polas elites da sociedade española. <b>100%</b>
<b>Bloque 6.- As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)</b>			
B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.	B6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	CSC CAA	<b>Elabora un mapa sinoptico</b> recollendo as causas da SGM e as características dos bandos contendentes. <b>100%</b>
B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	B6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.	CSC CAA	<b>Completa mapas mudos</b> sinalando correctamente a evolución do conflito e os cambios territoriais derivados en Europa e en Asia. <b>70%</b>
	B6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.	CSC CAA CCL	<b>Describe correctamente</b> a evolución da guerra dende a invasión da URSS e entrada de EEUU na loita contra potencias fascistas e Xapón. <b>100%</b>
	B6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	CSC CAA CCL	<b>Redacta sintéticamente</b> as consecuencias políticas e económicas da guerra para Europa, América, África e Asia. <b>90%</b>
B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea	B6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	CSC	<b>Describe correctamente</b> as características do Holocausto partindo de sitios virtuais, imaxes, textos e secuencias de películas,

e as súas consecuencias.			demonstrando que coñece a significación dese termo en relación cos de <i>xenocidio</i> e <i>crime contra a Humanidade</i> . <b>100%</b>
B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	B6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	CSC CAA CCL	<b>Explica acertadamente</b> as características da guerra fría en mapas conceptuais e composicións que recollan os conflitos rexionais dese periodo <b>100%</b>
	B6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	CSC CAA CCL	Elabora composicións nas que describe correctamente as causas e as características dos procesos descolonizadores en África e Asia como contexto das guerras de Vietnam, Arxelia, Mozambique e Angola e do conflito árabe-israelí, partindo de distintas fontes. <b>80%</b>
B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	CSC CCL	
	B6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	CSC CAA	<b>Elabora mapas conceptuais</b> e/ou composicións distinguindo as características do proceso descolonizador dos territorios dominados por británicos e franceses en Asia e África. <b>100%</b>
<b>Bloque 7.- A estabilización do Capitlismo e o illamento económico do bloque soviético</b>			
B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.	B7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	CSC CAA CCL	<b>Compara os avances económicos</b> nas democracias populares e nos estados europeos que desenvolveron o Benestar Social, realizando mapas conceptuais e narrativas sintéticas guiadas por preguntas con distintas fontes. <b>100%</b>
	B7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	CSC	
B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.	B7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	CSC CAA CCL	<b>Analiza</b> series de datos e representacións gráficas sobre as consecuencias económicas, políticas e sociais da <i>crise do petróleo</i> nos anos setenta. <b>80%</b>
B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e	B7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	CSC	Analiza imaxes do NODO, películas, prensa, testemuños orais, obras literarias e sitios virtuais <b>realizando mapas conceptuais e composicións</b> onde explique
		CSC	

como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	B7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	CAA CCL	correctamente a evolución económica, cultural e política da sociedade española baixo a ditadura franquista. Demuestra que coñece as características e as consecuencias da represión, das políticas autárquicas e <i>desarrollistas</i> desde 1939 ata 1975, partindo da análise de fontes de diversa natureza. <b>70%</b>
<b>Bloque 8.- O mundo recente entre os Séculos XX e XXI</b>			
B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	CSC CAA	<b>Describe acertadamente</b> , verbalmente ou por escrito, os cambios económicos, políticos e sociais partindo de mapas, textos, taboas, representacións gráficas. <b>70%</b>
	B8.1.2. Comprende os proles e contrastos do estado do benestar.	CSC	<b>Elabora un mapa conceptual</b> e/ou unha composición argumentando os efectos positivos e os custos do estado de benestar social. <b>100%</b>
B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	B8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	CSC CAA CCL	<b>Describe acertadamente</b> as causas e as consecuencias da quebra das ditaduras comunistas realizando mapas conceptuais e enchendo mapas políticos cos cambios territoriais. <b>100%</b>
B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	CSC CAA CCL	<b>Elabora mapas conceptuais</b> recollendo os principais factores, feitos e actores do proceso de <i>transición</i> (1975-1982), salientando a participación do Rei D. Xoán Carlos I, as medidas reformistas dos gobernos de Adolfo Suárez e a evolución da situación política nun contexto de crise económica e mobilización social a prol da democratización. Analiza correctamente discursos, cancións, secuencias de películas e novas de prensa da época. <b>100%</b>
	B8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	CSC CCL	
	B8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta	CSC	

	etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	CAA CCL	prensa referidas á pegada do terrorismo golpista, de extrema esquerda e independentista durante a transición á democracia, demostrando que coñece as súas consecuencias e os padecementos de todas as vítimas.
8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.	B8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	CSC CAA CCL	<b>Elabora mapas sinopticos</b> e narrativas sintéticas sobre o proceso de construción económica e política da U.E. partindo de discursos, series de datos, representacións gráficas e novas de prensa. <b>.90%</b>
<b>Bloque 9.- A Revolución Tecnoóxica e a globalización a finais do Século XX e principio do XXI</b>			
B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.	B9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	CSC CD CCL CAA CSIE	<b>Analiza e compara novas de prensa</b> , secuencias de películas, series de datos e representacións gráficas para describir as características, os factores e as consecuencias, económicas, políticas sociais e culturais da globalización. <b>60%</b>
	B9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	CSC CAA CCL	<b>Argumenta verbalmente</b> e por escrito sobre as relacións entre eurocentrismo, imperialismo e globalización. <b>50%</b>
B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	B9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	CSC CAA CCL CD	<b>Elabora un mapa conceptual</b> coas características da sociedade do coñecemento, sinalando as consecuencias da <i>fenda dixital</i> derivada do desigual acceso ás TIC a escala territorial e social. <b>50%</b>
B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo	B9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.	CSC CD CAA CCL CM CT CSIE	<b>Elabora mapas conceptuais</b> e narrativas sintéticas explicando as consecuencias sociais e medioambientais da globalización, demostrando que coñece as vantaxes dos modelos de desenvolvemento sustentable.. <b>80%</b>

globalizado.			
<b>Bloque 10.- A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</b>			
B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	CSC CMC CAA CCL	<b>Elabora</b> narrativas sintéticas comparando a sustentabilidade ambiental e social dos sistemas económicos preindustriais, industriais e posindustriais, partindo de documentos <b>80%</b>
	B10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	CSC CAA	<b>Explica</b> os avances nunha cultura de paz e cooperación en Europa en composicións que utilicen documentos escritos, imaxes e series de datos. <b>90%</b>
	B10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	CSC CM CT CAA	<b>Elabora mapas conceptuais</b> e narrativas sintéticas comparando as características do proceso industrializador durante os século XIX e XX coa globalización actual. <b>80%</b>
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMC CT	<b>Elabora eixes cronolóxicos</b> e mapas conceptuais nos que situa acertadamente feitos, procesos e acontecementos históricos demostrando que manexa correctamente os conceptos de sucesión, duración e simultaneidade <b>100%</b>
	B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CM CT	
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMC CT	<b>Elabora eixes cronolóxicos e mapas conceptuais</b> comparando a evolución económica, política e cultural de sociedades coetáneas. Compara as semellanzas e as diferenzas económicas, políticas e culturais entre sociedades diacrónicas dun mesmo espazo territorial <b>50%</b>
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	CSC CCL	<b>Demostra</b> o uso preciso de conceptos propios da materia en narrativas sintéticas e mapas conceptuais. <b>50%</b>



## 5.6. Contidos, temporización e concreción de estándares de aprendizaxe por unidade didáctica

### a) *Unidade 1: a crise do antigo réxime*

Nesta unidade, os alumnos estudarán a crise do Antigo Réxime e cales foron os seus fundamentos. Analizarán a sociedade e a economía do Antigo Réxime e as distintas formas de goberno.

Coñecerán a Ilustración e aos seus pensadores e como, a partir destas novas ideas, se constitúe o despotismo ilustrado.

Prestarase especial atención ao desenvolvemento desa etapa en España e á guerra de Sucesión que supuxo a chegada dos Borbóns, así como á situación de Galicia no século XVIII.

Analizarán o despotismo ilustrado e a vida e a cultura na corte dos Borbóns. Tamén interpretarán esquemas e liñas do tempo e analizarán e compararán textos históricos. Como tarefas finais, valorarán a prensa do século XVIII e realizarán un percorrido polo Madrid de Carlos III.

### 1) CONTIDOS

- Antigo Réxime e Ilustración.
- A sociedade e a economía do Antigo Réxime
- As distintas formas políticas.
- O despotismo ilustrado.
- O século XVIII en España (I). Os Borbóns.
- O século XVIII en España (II). As reformas borbónicas.
- Galicia no século XVIII.

### 2) OBXECTIVOS

- Identificar o concepto de Antigo Réxime e comprender a importancia histórica da Ilustración.
- Distinguir os cambios políticos e nas relacións internacionais acontecidos no século XVIII.
- Relacionar os cambios económicos do século XVIII con políticas económicas concretas.
- Describir as transformacións agrarias, na artesanía e no comercio acontecidas no século XVIII, comparándoas co Antigo Réxime.
- Apreciar as transformacións sociais e na vida cotiá.
- Recoñecer as bases da instauración dos Borbóns en España.

- Mostrar a importancia do reformismo borbónico no século XVIII.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Establece, a través da análise dos textos, a diferenza entre Absolutismo e Parlamentarismo.
- Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
- Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúns monarquías.
- Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.

### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Analiza textos e interpreta esquemas relacionados con aspectos propios do absolutismo e o parlamentarismo.
- Analiza, identifica e compara as características da sociedade e a economía do Antigo Réxime e da Ilustración.
- Recoñece e describe os distintos sistemas de goberno dos comezos do século XVIII.
- Identifica aos pensadores máis importantes do século XVIII e o seu pensamento.
- Valora a importancia das ideas da Ilustración na evolución da ciencia.

### 5) TEMPORALIZACIÓN

O estudo desta unidade farase en 8 sesións que irán desde comezos de curso ata a primeira semana de outubro.

### 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.
- Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.
- Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.
- Relacionar o fin da casa de Austria, a guerra de Sucesión, e a instauración dos Borbóns no trono de España.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

**Comprensión lectora.** O Estado absoluto ; A división de poderes ; A Enciclopedia, medio de difusión da Ilustración; Decretos de Nova Planta; Comparar o pensamento dos ilustrados.

**Expresión oral e escrita.** Debater sobre a función da prensa hoxe e no século XVIII ; explicar as causas e consecuencias do motín de Esquilache; explicar por que destacaron determinados personaxes do século XVIII.

**Comunicación audiovisual.** Mapa de Europa no século XVIII; a pirámide do Antigo Réxime; os símbolos de poder de Luís XV de Francia; territorios cedidos por España como consecuencia do Tratado de Utrecht; os Borbóns españois no século XVIII; A familia de Carlos IV, obra de Francisco de Goya.

**O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Procura de información en Internet sobre a Enciclopedia, a colonización de Serra Morena e sobre Jovellanos.

**Emprendemento.** Interpretar a pirámide do Antigo Réxime; comparar o pensamento dos ilustrados; analizar a revolución científica da Ilustración.

**Educación cívica e constitucional.** O parlamentarismo e as ideas ilustradas.

### *b) Unidade 2: revolucións liberais e nacionalismos*

Nesta unidade os alumnos estudarán as revolucións burguesas do século XVIII: a Revolución americana, orixe da independencia, o comezo da Revolución francesa, a radicalización posterior e o seu fin, A Europa napoleónica e a Restauración. Continuarán estudando as novas ondas revolucionarias de principios do século XIX e os movementos que levaron á independencia de Grecia e á unificación de Italia e Alemaña. Interpretarán mapas, e liñas do tempo e analizarán e compararán textos históricos. Como tarefas finais valorarán a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán e o papel que desempeñaron as mulleres na Revolución francesa.

## 1) CONTIDOS

- A revolución americana. As orixes da independencia.
- O comezo da Revolución francesa. As orixes da Revolución.
- A radicalización da Revolución. O Directorio e a fin da Revolución.
- A Europa napoleónica. O Consulado. O Imperio napoleónico.
- A Restauración. O Congreso de Viena. As alianzas internacionais contra a Revolución.

- Novas ondas revolucionarias no século XIX. As revolucións de 1820 e 1830. As revolucións de 1848.
- Os nacionalismos. A unificación de Italia.
- A unificación de Alemaña. Alemaña antes da unificación. As fases da unificación.

## 2) OBXECTIVOS

- Analizar os procesos revolucionarios que acabaron co Antigo Réxime.
- Diferenciar a revolución de Estados Unidos, analizando as súas causas, desenvolvemento e consecuencias políticas.
- Coñecer as causas profundas e inmediatas da Revolución Francesa, e apreciar a importancia da Asemblea Nacional.
- Identificar as etapas da Revolución Francesa.
- Coñecer aspectos da vida cotiá durante a Revolución Francesa.
- Interpretar a importancia do período napoleónico en Europa.
- Resumir o período histórico da Restauración e coñecer as novas ideoloxías: liberalismo e nacionalismo.
- Identificar os principais feitos das revolucións liberais en Europa.
- Sacar conclusións sobre os nacionalismos, os seus exemplos e principais consecuencias

## 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Relaciona o concepto de revolución cos cambios en diversos campos.
- Elabora un eixe cronolóxico cos principais acontecementos no proceso de independencia dos Estados Unidos.
- Comenta os principais documentos da revolución norteamericana.
- Diferencia as causas da Revolución Francesa.
- Distingue as etapas da Revolución Francesa e os seus acontecementos máis relevantes.
- Caracteriza nacionalismo e liberalismo.
- Compara as revolucións liberais do século XIX en Europa.
- Compara as unificacións alemá e italiana.

## 4) INDICADORES DE LOGRO

- Comprende as causas e as consecuencias das revolucións AMERICANA E FRANCESA e valora o legado das mesmas.
- Comprende as causas e as consecuencias das revolucións da primeira metade do século XIX e valora o legado das revolucións e dos nacionalismos.
- Explica as distintas fases da unificación de Italia interpretando mapas históricos.

- Explica as distintas fases da unificación de Alemaña interpretando mapas históricos.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

O segundo tema explicarase e traballarase durante 9 sesións, é dicir, as 3 últimas semanas de outubro.

## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.
- Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.
- Diferenciar causas, desenvolvemento e consecuencias no proceso de independencia das colonias de Norteamérica ena Revolución francesa, e explicar os seus principais documentos.
- Identificar os caracteres básicos da época da Restauración, e diferenciar o liberalismo e o nacionalismo.

## \* CONTIDOS TRANSVERSAIS

- Comprensión lectora. A Declaración de Independencia; O terceiro estado segundo Sieyès; Os símbolos da Revolución; Verdi e a unificación italiana. A nación alemá. Declaración de Dereitos de Virxinia.
- Expresión oral e escrita. A ideoloxía da restauración: cuestións e actividade 6; Interpretar a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán.
- Comunicación audiovisual. Mapa das trece colonias no ano 1776; O xuramento do Xogo da Pelota, obra de Jacques Louis David; Liña do tempo: as fases da Revolución Francesa; Mapa do Imperio napoleónico en 1812 e liña do tempo do consulado e o Imperio de Napoleón; Mapa das revolucións de 1820, 1830 e 1848; Interpretar os mapas de Italia antes e despois da unificación; Interpretar o mapa da unificación de Alemaña.
- O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación. Busca información sobre o papel da muller na Revolución francesa.
- Emprendemento. Investiga os cambios na vida cotiá durante a Revolución francesa.
- Educación cívica e constitucional. Interpretar a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán.
- Valores persoais. Interpretar a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán.

### *c) Unidade 3. A revolución industrial e os cambios sociais*

Nesta unidade os/as alumnos/as estudarán a orixe da Revolución industrial, a Primeira Revolución Industrial en Gran Bretaña e a posterior expansión a Estados Unidos, Europa e Asia. Estudarán tamén os efectos da industrialización na poboación, a nova división de clases da sociedade e o nacemento do movemento obreiro, farán tamén nesta unidade unha análise dos cambios nos transportes e o

impacto do ferrocarril, as primeiras cidades industriais e as fábricas téxtiles; e valorarán o legado das revolucións industriais.

### 1) CONTIDOS

- A orixe da Revolución Industrial.
- A Primeira Revolución Industrial.
- A revolución dos transportes.
- A Segunda Revolución Industrial.
- A expansión da Revolución Industrial.
- Os efectos da industrialización na poboación.
- A sociedade de clases: as clases altas; as clases medias e baixas.
- O nacemento do movemento obreiro.
- Análise do impacto do ferrocarril.
- Análise das migracións do século XIX.
- Comparación das formas de vida a través da pintura.
- Comparación das ideoloxías marxista e anarquista.

### 2) OBXECTIVOS

- Distinguir o concepto de Revolución Industrial e explicar a importancia que tivo no modelo inglés a revolución agraria.
- Comprender a importancia da revolución demográfica e doutros factores da Revolución Industrial: transportes, máquina de vapor, etc.
- Analizar a mecanización da industria, resaltando as transformacións técnicas e na organización do traballo, e a súa aplicación nos sectores téxtil e siderúrxico.
- Analizar e comparar a industrialización de diferentes países de Europa, América e
- Diferenciar as consecuencias económicas da Revolución Industrial.
- Explicar as consecuencias sociais da Revolución Industrial.
- Formar redes conceptuais sobre as condicións laborais do proletariado industrial.
- Formar redes conceptuais sobre o nacemento do movemento obreiro.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
- Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

- Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
- Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
- Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

#### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Interpreta a imaxe das primeiras fábricas téxtiles analizando as condicións de traballo e o trato aos obreiros que traballaban nelas.
- Interpreta un mapa analizando a relación entre o nivel de industrialización e a mellora da rede de transportes.
- Estuda os procesos de industrialización en Gran Bretaña, no continente europeo, en - Estados Unidos e en Xapón, sitúaos no tempo e no espazo xeográfico.
- Analiza textos e imaxes que describen as condicións de traballo das mulleres e dos nenos nas cidades industriais do século XIX e principios do XX.
- Analiza un eixe cronolóxico cos avances técnicos que caracterizan á época das revolucións industriais.

#### 5) TEMPORALIZACIÓN

O estudo da unidade 3 abranguerá as 3 primeiras semanas do mes de novembro, o que fará un total de 9 clases.

#### 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.
- Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.
- Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.
- Coñecer e explicar as principais causas e consecuencias económicas da industrialización.

#### 7) CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** Unha investigación sobre a natureza e causas da riqueza das nacións; Riscos do ferrocarril; Cambios nos transportes; O nacemento dun imperio industrial; Valores da clase media; O marxismo. O anarquismo.
- **Expresión oral e escrita.** O traballo en cadea; Matrimonios de conveniencia.

- **Comunicación audiovisual.** Gráfico do movemento natural da poboación inglesa e Caricatura sobre os posibles efectos da vacina da varíola; Mapa da industrialización británica en 1800 e diagrama de barras sobre as exportacións de tecidos británicos en 1820 e 1840; esquemas sobre a redución da duración das viaxes grazas ao ferrocarril; mapas de Europa coa rede ferroviaria en 1880 e as distintas industrias a finais do XIX; mapa das migracións mundiais entre 1820 e 1914.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Investiga e opina sobre os efectos da revolución industrial.
- **Emprendemento.** Resolve un caso práctico. A revolución industrial na vida cotiá.
- **Educación cívica e constitucional.** Analizar a Revolución Industrial a través de novelas.
- **Valores persoais.** En que condicións traballaban as mulleres e os nenos?

#### *d) Unidade 4. España no século XIX*

Nesta unidade os alumnos estudarán a Guerra da Independencia española, as Cortes de Cádiz e o reinado de Fernando VII e a independencia das colonias hispanoamericanas; estudarán despois o reinado de Isabel II e a construción do estado liberal, a República e a Restauración de Alfonso XII, analizarán a historia a través das caricaturas da época e un organigrama dos partidos políticos do século XIX. Estúdase tamén neste tema a Revolución Industrial en España e as transformacións sociais que tiveron lugar pola súa causa. Prestarase especial atención á situación de Galicia no século XIX.

### 1) CONTIDOS

- A guerra da Independencia (1808-1814).
- As Cortes de Cádiz.
- O reinado de Fernando VII (1814-1833).
- A independencia das colonias hispanoamericanas.
- Isabel II e a construción do estado liberal (1833-1868).
- O Sexenio Democrático (1868-1874).
- A Restauración.
- A Revolución Industrial en España.
- As transformacións sociais.

### 2) OBXECTIVOS

- Coñecer o inicio da crise política do Antigo Réxime en España durante o reinado de Carlos IV e as súas relacións coa Francia revolucionaria.



- Comprender a importancia histórica da guerra da Independencia e a revolución liberal, concretada nas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- Interpretar a evolución do reinado de Fernando VII e coñecer o proceso de independencia da América española.
- Entender a evolución do reinado de Isabel II e do Sexenio Revolucionario.
- Analizar as transformacións demográficas e agrarias acontecidas en España entre 1833 e 1874.
- Analizar a evolución dos cambios económicos a raíz da industrialización parcial do - país.
- Distinguir os grupos e os conflitos sociais da época.
- Contrastar o progreso cultural e a evolución da obra de Francisco de Goya.
- Comprender as correntes romántica e realista.
- Coñecer as peculiaridades históricas de Galicia durante o séculos XIX.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- Relaciona as causas da crise do Antigo Réxime en España.
- Distingue os grupos ideolóxicos xurdidos ao final do Antigo Réxime.
- Enuncia acontecementos importantes do reinado de Fernando VII.
- Relaciona cronoloxicamente os principais acontecementos do reinado de Isabel II e do Sexenio Revolucionario.
- Analiza o proceso desamortizador.

### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Explica os principais feitos da Guerra da Independencia, a súa orixe e os seus motivos, valorando a actuación das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- Estuda os cambios sociais, políticos e económicos en España como consecuencia da industrialización do país.
- Sitúa no tempo e recoñece nun mapa histórico os movementos da guerra da Independencia.
- Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade didáctica traballarase co alumnado durante as últimas 10 sesións lectivas previas ao último exame do trimestre, entre finais de novembro e a primeira quincena de decembro.

## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e explicar os acontecementos que deron lugar á crise do Antigo Réxime en España durante o reinado de Carlos IV, así como os grupos ideolóxicos aos que deu lugar.
- Relatar acontecementos relevantes do reinado de Fernando VII e identificar causas, etapas e consecuencias da independencia da América española.
- Coñecer e situar no tempo os principais períodos e acontecementos do reinado de Isabel II e do Sexenio Revolucionario.
- Comprender a importancia e os trazos esenciais da Primeira Revolución Industrial en España.
- Comprender a evolución da sociedade e do movemento obreiro.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** O Cádiz das Cortes; A Constitución de 1812; O Manifesto dos Persas; Constitución de 1845; Constitución de 1869; A fraude electoral; A desamortización de Mendizábal. A Revolución Industrial en España, éxito ou fracaso?; A tese de Nadal; A tese de Artola.
- **Expresión oral e escrita.** O 2 de maio de 1808, cuestións; A Constitución de 1812, cuestións; Constitución de 1845, cuestións; Constitución de 1869, cuestións.
- **Comunicación audiovisual.** O dous de maio de 1808 en Madrid, obra de Goya; mapa histórico e liña do tempo da Guerra da Independencia; mapa histórico e liña do tempo da independencia das colonias americanas; Liña do tempo sobre o reinado de Isabel II; Mapa da rede ferroviaria e principais industrias en España, século XIX.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Investiga e opina.
- **Emprendemento.** Pensamento crítico. A Revolución Industrial en España, éxito ou fracaso?
- **Educación cívica e constitucional.** Analizar a historia de España a través de caricaturas.
- **Valores persoais.** Valora a importancia do sufraxio no século XIX español.

### *e) Unidade 5. Imperialismo, guerra e revolución*

Nesta unidade os alumnos estudarán a situación das grandes potencias na segunda metade do século XIX, os factores do imperialismo, os grandes imperios coloniais, a administración colonial e os seus efectos. Estudarán tamén a orixe da Primeira Guerra Mundial, o desenvolvemento da guerra e as súas consecuencias, As orixes da Revolución rusa, as revolucións de 1917 e a guerra civil en Rusia. Así

mesmo analizarán a colonización de África a través de mapas, analizarán como viviron a guerra os seus protagonistas e recoñecerán o legado do imperialismo, a Gran Guerra e a Revolución rusa.

### 1) CONTIDOS

- As grandes potencias na segunda metade do século XIX.
- Os factores do imperialismo.
- Os grandes imperios coloniais.
- A administración colonial e os seus efectos.
- A orixe da Primeira Guerra Mundial.
- O desenvolvemento da guerra.
- As consecuencias da Primeira Guerra Mundial.
- As orixes da Revolución rusa.
- As revolucións de 1917 e a guerra civil en Rusia.

### 2) OBXECTIVOS

- Clasificar os sistemas políticos e os sistemas de alianzas existentes no mundo no período comprendido entre 1870 e 1914.
- Diferenciar as características esenciais da Segunda Revolución Industrial: fontes de enerxía, cambios no traballo e sectores industriais.
- Analizar as repercusións económicas da Segunda Revolución Industrial.
- Interpretar as consecuencias sociais da Segunda Revolución Industrial.
- Establecer xerarquías causais do imperialismo no século XIX e as principais formas de dominio colonial.
- Identificar as potencias imperialistas, localizar en mapas a expansión colonial do século XIX e valorar as consecuencias do imperialismo.
- Establecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a «Gran Guerra» de 1914.
- Coñecer os principais acontecementos da «Gran Guerra» e as consecuencias desta.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.
- Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
- Diferencia os acontecementos dos procesos nunha explicación histórica, da Primeira Guerra Mundial

- Analiza o novo mapa político de Europa.
- Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución rusa na súa época e na actualidade.

#### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Comprende que é o Imperialismo e explica como influíu na política mundial e nas relacións internacionais.
- Recoñece as conexións que existiron entre o Imperialismo, o colonialismo e a Gran Guerra de 1914.
- Coñece os principais acontecementos da Gran Guerra, a súa relación coa Revolución rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
- Analiza e explica o mapa político de Europa despois da Primeira Guerra Mundial.
- Estuda a Revolución rusa interpretando a importancia que tivo na Europa do seu tempo e na actualidade.

#### 5) TEMPORALIZACIÓN

Co estudo deste tema comezarase o segundo triemstre. As tres semanas de xaneiro serán adicadas a traballar esta unidade.

#### 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- -Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.
- Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.
- Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
- Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución rusa.

#### 7) CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** Como era a vida nas trincheiras?; Dúas visións da misión colonizadora (páxina 125); A visión dos colonizados; A vida na retagarda; Os Catorce Puntos de Wilson e dúas opinións sobre o Tratado de Versalles; Cláusulas do Tratado de Versalles; Demandas dos obreiros de San Petersburgo ao tsar en 1905 (páxina 141); O legado do imperialismo, a Gran Guerra e a Revolución rusa.

- **Expresión oral e escrita.** Ultimato de Austria a Serbia (cuestións); Os Catorce Puntos de Wilson, cuestións; As Teses de Abril, cuestións.
- **Comunicación audiovisual.** Sufraxio universal. Un colexio electoral en 1891, obra de Alfred Bramtot; Mapa da repartición do mundo en 1914 e liña do tempo; Bismarck como o anxo da paz nos Balcáns, caricatura de 1895, mapas das alianzas bismarckianas; As novas armas; Desenvolvemento da Gran Guerra, mapa e liña do tempo; Cartel propagandístico dos sóviets.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Investiga sobre a vida cotía durante a Gran Guerra.
- **Emprendemento.** Aplica unha técnica. Analizar a colonización de África a través de mapas.
- **Educación cívica e constitucional.** Análise ética e moral. Debate sobre o alcance da Gran Guerra .
- **Valores persoais.** Análise ética e moral. Como viviron a Gran Guerra os seus protagonistas?

### *f) Unidade 6. O mundo de entreguerras*

Nesta unidade os alumnos estudarán a fráxil recuperación dos anos vinte, a Gran Depresión dos trinta, e o ascenso dos totalitarismos, a Italia fascista, as orixes do nazismo e o réxime totalitario da Alemaña nazi. Verán tamén a formación da URSS e a ditadura de Stalin e descubrirán como foi a loita polos dereitos da muller nestes tempos e como influíu a represión e a propaganda no ascenso dos totalitarismos, así mesmo aprenderán a obter información histórica dunha novela e a facer a análise dunha película.

#### **1) CONTIDOS**

- A formación da URSS (1922-1929).
- A ditadura de Stalin (1929-1953).
- Análise da formación da URSS.
- A fráxil recuperación dos anos vinte.
- A Gran Depresión dos anos trinta.
- O ascenso dos totalitarismos.
- A Italia fascista.
- As orixes do nazismo.

#### **2) OBXECTIVOS**

- Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.
- Coñecer a evolución económica dos anos vinte.
- Relacionar o crash de 1929 e a Gran Depresión.
- Analizar as circunstancias históricas que conduciron ao auxe dos fascismos en Europa.

- Entender os caracteres diferenciais do fascismo e do nazismo.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Enuncia os principais trazos dos «felices anos vinte».
- Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
- Explica as causas da crise de 1929.
- Esquematiza as consecuencias e solucións da crise de 1929.
- Realiza un esquema cos trazos característicos dos totalitarismos.
- Compara nun esquema nazismo e fascismo.
- Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.

### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Analiza textos, gráficos, mapas e liñas do tempo relacionados cos procesos máis importantes do período de entreguerras.
- Recoñece e valora a importancia dos movementos sufraxistas para a consecución do voto feminino e a igualdade das mulleres ante a lei.
- Analiza distintos factores que provocaron o auxe do fascismo en Europa no período de entreguerras.
- Recoñece o Holocausto como o resultado dun sistema político autoritario e racista e apunta algunha medida para evitar estas situacións no futuro.

### 5) TEMPORALIZACIÓN

Estudiaremos o tema durante a primeira quincena de febreiro abarcando un total de 8 períodos lectivos.

### 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.
- Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.
- Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias

## 7) CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** O Pacto Briand-Kellog; A loita polos dereitos da muller; O New Deal de Roosevelt; A radicalización e o medo; A raza aria segundo Hitler; O legado do período de entreguerras; Discurso final do gran ditador.
- **Expresión oral e escrita.** Declaración de Séneca Falls, cuestións; O New Deal de Roosevelt; Ideoloxía fascista, cuestións.
- **Comunicación audiovisual.** Manifestación sufraxista en Nova York en 1916; Caricatura antisufraxista; Gráficos sobre a crise; Réximes políticos en Europa en 1938, mapa e liña do tempo; Infografía, cartel con símbolos nazis; Ilustración antisemita dun libro escolar nazi en 1935; Concentración nazi en Núremberg en 1936.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Investiga a eliminación da oposición por parte dos nazis.
- **Emprendemento.** Resolve un caso práctico, O avance da extrema dereita en Europa.
- Educación cívica e constitucional. Debate: Os principios do totalitarismo: unha ameaza para a democracia..
- Valores persoais. A análise dunha película, O gran ditador (páxina 175).

### *g) Unidade 7: a segunda guerra mundial*

Nesta unidade os alumnos estudarán as causas e o detonante da Segunda Guerra

Mundial, a ofensiva do Eixe, o Holocausto e a vitoria aliada, as consecuencias da guerra e a organización da paz. Analizarán os cambios xeográficos territoriais e coñecerán os xuízos de Núremberg e os lugares de memoria do Holocausto, e realizarán un estudo dos desprazamentos de poboación provocados polas guerras.

## 1) CONTIDOS

- As causas e o detonante da guerra.
- A ofensiva do Eixe (1939-1941).
- A vitoria aliada (1942-1945).
- O Holocausto.
- A organización da paz.
- As consecuencias da guerra.
- Análise dos cambios territoriais despois da Segunda Guerra Mundial.
- Lugares de memoria do Holocausto.
- Colaboracionismo e resistencia na guerra.
- Os xuízos de Núremberg.

- Estudo dos desprazamentos de poboación provocados polas guerras.

## 2) OBXECTIVOS

- Identificar os contendentes e as causas da Segunda Guerra Mundial.
- Sinalar as características, as etapas, os acontecementos e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- Entender o contexto no que se desenvolveu o holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
- Elaborar unha narrativa explicativa do deseño da paz e a importancia da creación da ONU.
- Aprender a comentar e comparar mapas históricos.

## 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Sitúa nun mapa as fases do conflito.
- Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
- Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
- Analiza o proceso de paz posterior á Segunda Guerra Mundial.

## 4) INDICADORES DE LOGRO

Recoñece os distintos puntos de vista e as formas de actuar de políticos e gobernos dos países que foron invadidos pola Alemaña nazi.

- Sitúa en varios mapas as distintas fases polas que pasou a Segunda Guerra Mundial e relacionaos cos contidos do tema.
- Comprende por que se alargou a guerra na fronte oriental, pola resistencia de Xapón, ata os bombardeos de Hiroshima e Nagasaki.
- Explica as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial e sitúaaas no tempo e nos distintos lugares xeográficos.
- Coñece as distintas fases de rexeitamento e exclusión social da poboación xudía que culminou no Holocausto e entende como este terrible proceso influíu na conciencia das xeracións posteriores.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade desenvolverase durante a segunda quincena de febreiro e a primeira semana de marzo, para un total de 9 sesións.



## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer as causas da Segunda Guerra Mundial.
- Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.
- Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
- Analizar o deseño da paz que puxo fin á Segunda Guerra Mundial.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** Protocolo secreto do pacto xermano-soviético; Lugares de memoria do Holocausto; Conferencia de Ialta; Os xuízos de Núremberg; o legado da Segunda Guerra Mundial.
- **Expresión oral e escrita.** Sentenza de Hermann Goering, cuestións, Un interrogatorio, cuestións (páxina 193).
- **Comunicación audiovisual.** Liña do tempo: o camiño cara á Segunda Guerra Mundial; Caricatura do pacto xermano-soviético; Fotografía dos efectos dos bombardeos alemáns sobre Londres en 1941; mapa e liña do tempo: a ofensiva do Eixe; Mapa da guerra no Pacífico; Mapa da guerra na fronte oriental; liña do tempo das ofensivas finais aliadas;
- táboa sobre a poboación xudía exterminada; Fotografías: Campo de exterminio de Auschwitz-Birkenau (Polonia); Sala dos Nomes, no complexo Yad Vashem de Xerusalén; Churchill, Roosevelt e Stalin en Ialta.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Analizar unha fotografía sobre o bombardeo de Hiroshima e compara co de outras cidades europeas.
- **Emprendemento.** Analizar unhas memorias: O diario de Ana Frank.
- **Educación cívica e constitucional.** Análise ética e moral. Tiveron xustificación as bombas de Hiroshima e Nagasaki?
- **Valores persoais.** Análise ética e moral. O Holocausto.

### *h) Unidade 8: España: da crise do 98 á guerra civil*

Nesta unidade os alumnos estudarán o desastre do 98, a crise da restauración, o triunfo

da República, o Bienio Reformista, o Bienio Conservador e a Fronte Popular e analizarán o papel da muller na Segunda República; estudarán tamén a Guerra Civil Española, coñecendo como era a vida cotiá durante a guerra e as consecuencias posteriores, e as estado de Galicia no primeiro terzo do século XX.

## 1) CONTIDOS

- O desastre do 98.
- A crise da Restauración (1902-1931).
- O triunfo da República e o Bienio Reformista (1931-1933).
- O Bienio Conservador e a Fronte Popular (1933-1936).
- A Guerra Civil.
- A vida cotiá durante a guerra.
- As consecuencias da Guerra Civil.
- Galicia no primeiro terzo do século XX.

## 2) OBXECTIVOS

- Diferenciar a época da Restauración borbónica. Bases, partidos e funcionamento do sistema.
- Identificar os problemas políticos da Restauración.
- Explicar a evolución do reinado de Alfonso XIII e da ditadura de Primo de Rivera, e analizar os seus principais problemas.
- Diferenciar a evolución da Segunda República entre 1931 e 1933.
- Diferenciar a evolución da Segunda República entre 1933 e 1936.
- Comprender o desenvolvemento e as repercusións da Guerra Civil.
- Recoñecer a evolución da poboación, a economía e a sociedade española entre 1875 e 1939.
- Analizar a evolución histórica de Galicia nesta época.

## 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Identifica ordenadamente os principais acontecementos do reinado de Alfonso XIII.
- Explica as principais crises internas de España durante o reinado de Alfonso XIII.
- Analiza a Constitución de 1931.
- Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.
- Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
- Analizar os principais trazos sociais, económicos, políticos e culturais de Galicia neste período.

## 4) INDICADORES DE LOGRO

- Sintetiza os grandes problemas nacionais da Restauración.
- Coñece e explica os puntos máis relevantes da Constitución de 1931 e a reacción dos españois a estes cambios constitucionais.
- Coñece os acontecementos máis importantes do inicio, do desenvolvemento e do final da Guerra Civil española e a axuda internacional que recibiron cada un dos bandos.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

O estudo desta unidade comprenderá 9 sesión lectivas, que irán desde a segunda semana de marzo ata finais da 4 semana.

## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer a evolución política do reinado de Alfonso XIII e da ditadura de Primo de Rivera, e distinguir os seus principais problemas internos e externos.
- Coñecer a Constitución de 1931 e a política de reformas do Bienio Reformista.
- Distinguir a evolución da Segunda República entre 1933 e 1936, e sinalar problemas relevantes do período.
- Coñecer e explicar o desenvolvemento e a evolución da Guerra Civil.

## 7) CONTIDOS TRANSVERSAIS

- Comprensión lectora. Por que o Guernica se converteu nun símbolo?; Analizar o papel da prensa na crise do 98; A Semana Tráxica; A Constitución de 1931; O papel da muller en tempos da Segunda República; Guerra e protección do patrimonio; Os nenos da guerra; Principios do Partido Galeguista.
- Expresión oral e escrita. Miguel Primo de Rivera: ao país e ao exército, cuestións; Discurso falanxista; Carta dun brigadista internacional á súa filla.
- Comunicación audiovisual. Ilustración que recrea a destrución do Maine o 15 de febreiro de 1898; Barricadas en Barcelona durante a Semana Tráxica; gráfico sobre as eleccións a cortes constituíntes (28-6-1931); Fotografías: A multitude festexou a proclamación da Segunda República; Gráfico sobre as eleccións xerais de 1933; Fotografía de Robert Capa; Fotografías: Vigo; Mitín na campaña polo Estatuto de Autonomía de Galicia.
- tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación. Vídeo sobre a Guerra Civil e a represión franquista.
- Emprendemento. Analizar a Guerra Civil a través das cancións.
- Educación cívica e constitucional. Estudo da represión franquista en Galicia
- Valores persoais. A importancia das reformas republicanas como exemplo de valores democráticos.

### *ij) Unidade 9: a guerra fría*

Nesta unidade os alumnos estudarán a división do mundo en bloques ao finalizar a Segunda Guerra Mundial e a xénese da Guerra Fría, estudarán as distintas etapas: dos

inicios á coexistencia pacífica (1947-1953), da coexistencia pacífica á crise dos mísiles (1953-1962), da máxima tensión á crise (1963-1973) e o rebrote e o final da Guerra Fría (1973-1991).

### 1) CONTIDOS

- A xénese da Guerra Fría.
- Os bloques da Guerra Fría.
- Análise da división do mundo en bloques.
- Dos inicios á coexistencia pacífica (1947-1953).
- Da coexistencia pacífica á crise dos mísiles (1953-1962).
- Da máxima tensión á crise (1963-1973).
- O rebrote e o final da Guerra Fría (1973-1991).

### 2) OBXECTIVOS

- Interpretar a época dos bloques e a Guerra Fría e as súas etapas.
- Identificar os conflitos acontecidos durante a Guerra Fría.
- Comprender a organización e evolución do bloque capitalista entre 1945 e 1973.
- Diferenciar os cambios sociais acontecidos no bloque capitalista entre 1945 e 1973.
- Describir a evolución do bloque capitalista entre 1973 e 1991, e comprender a incidencia da crise do petróleo de 1973.
- Explicar a evolución do bloque comunista entre 1945 e 1982.
- Sacar conclusións sobre o ocaso do bloque comunista a partir de 1982.

### 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
- Define os conceptos de «bloques» e de «Guerra Fría».
- Explica os fitos fundamentais do bloque capitalista.
- Identifica o bloque socialista.

### 4) INDICADORES DE LOGRO

- Vincula o inicio da Guerra Fría co final da Segunda Guerra Mundial e a imposibilidade de cooperación dos aliados vencedores que dividiu o mundo en dous bloques antagónicos.
- Utiliza textos, caricaturas e fotografías para explicar algúns dos conflitos que sucederon na época da Guerra Fría.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

Traballaremos esta unidade durante 8 sesións, entre finais de marzo e comezos de

## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

- Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.
- Identificar e situar no tempo e no espazo os conflitos acontecidos durante a Guerra Fría.
- Explicar os trazos básicos do bloque capitalista, e diferenciar a evolución de Estados Unidos, Europa Occidental e Xapón entre 1945 e 1973.
- Explicar os trazos básicos do bloque comunista e apreciar a súa diversidade.

## 7) CONTIDOS TRANSVERSAIS

- **Comprensión lectora.** Por que a guerra de Vietnam estremeceu o mundo?; A «cortina de aceiro»; A doutrina Truman; Eu son berlinés.
- **Expresión oral e escrita.** A «cortina de aceiro», cuestións; A doutrina Truman, cuestións.
- **Comunicación audiovisual.** Fotografías: Desfile na Praza Vermella de Moscova; Detonación da primeira bomba de hidróxeno; Dous mapas da ameaza nuclear estadounidense e soviética; mapa do mundo durante a Guerra Fría; Fotografía: Porta de Brandenburgo e muro de Berlín; Fotografía: A Primavera de Praga.
- **O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación.** Investigar sobre algún dos conflitos da guerra fría usando Internet..
- **Emprendemento.** Interpretar unha caricatura sobre a Guerra Fría.
- **Educación cívica e constitucional.** Contraponer os valores de ámbolos dous bloques nun debate en clase..
- **Valores persoais.** O uso das armas atómicas como ameaza ao inimigo.

### *j) Unidade 10: a descolonización e o terceiro mundo*

Nesta unidade os alumnos estudarán o proceso descolonizador que tivo lugar despois da Segunda Guerra Mundial, estudarán a descolonización de Asia e Oceanía, o Oriente Próximo e o continente africano, estudarán tamén o nacemento do Terceiro Mundo.

## 1) CONTIDOS

- A descolonización.
- A descolonización de Asia e Oceanía.

- Oriente Próximo.
- A descolonización de África.
- O nacemento do Terceiro Mundo.
- Interpretación de caricaturas sobre a descolonización.

## 2) OBXECTIVOS

- Analizar a descolonización. Causas e etapas.
- Subliñar o proceso de descolonización, os seus ámbitos e consecuencias esenciais.
- Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual”.

## 3) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
- Esquematiza as causas que propiciaron a descolonización.
- Esquematiza as consecuencias da descolonización.

## 4) INDICADORES DE LOGRO

- Explica o comezo do proceso de descolonización como consecuencia da Segunda Guerra Mundial.
- Explica os feitos máis importantes do proceso de descolonización en Asia, Oceanía e África.
- Explica o concepto de Terceiro Mundo.

## 5) TEMPORALIZACIÓN

Estudaremos esta unidade entre finais de abril e comezos de maio, durante un total de 8 sesións lectivas.

## 6) CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

